

foz

As obras da nova Estación de Augas Residuais de Foz comezarán neste mes. **Páx. 6**

burela

Toñita Baño é a presidenta da Coral Polifónica, unha das corais máis antigas. **Páx. 9**

ribadeo

Ribadeo recibirá 4,5 millóns de euros para actuar no casco histórico. **Páx. 12**

trabada

Coñecemos a Rubén García, o novo alcalde de Trabada desde xaneiro. **Páx. 23**

alfoz

Falamos coa oposición alfocega sobre o pasado, presente e futuro do concello. **Páx. 25**

Un Entroido por todo o alto

Esta é a primeira vez que esta festividade se celebra en Foz como de Interese Turístico Galego, o que animará á veciñanza da comarca



Analizamos as eleccións galegas polo miúdo

O 18 de febreiro serán os comicios nos que se escolle ao presidente galego. **Páx. 15-18**

Volve ao Pleno da Deputación a Sanidade

Esixe á Xunta que poña fin “á destrución da sanidade pública” con investimentos. **Páx. 27**

Punto de Encontro



O Concello de Cervo albergará un Punto de Encontro Familiar para a comarca. **Páx. 21**

Campo de bolos



Trabada conta cun novo campo de bolos, ampliando así os espazos de lecer. **Páx. 22**

Reactivando as cubas



Alcoa iniciou a reactivación das primeiras cubas de electrólise de San Cibrao. **Páx. 5**

Unha familia máis que un club de remo

Juan Canoura Calzado fala sobre a traxectoria do Club de Remo Celeiro. **Páx. 29**

ESTAS REBAIXAS QUE NON CHE TOQUEN A FIBRA

Engade AdamoTV por 3€ máis

1.000 Mb
20 GB
30€/mes
41€/mes
Durante 1 ano

adamo
Fibra · Móbil · Fixo · TV

La fibra de *Andy y Lucas*

Chama gratis ao 900 651 679 ou configura o teu pack personalizado en adamo.es

Oferta válida para novos clientes que non contrataran ningún servizo ou produto de Adamo nos últimos 3 meses desde a data de inicio desta promoción e que contraten entre o 08/01/2024 e o 31/03/2024, ambos incluídos. Promoción non combinable con outras promocións. Esta promoción inclúe: (1) Servizo de acceso a Internet Fibra 1.000 Mb + Móbil 20 GB durante os 12 primeiros meses a 30€/mes e, posteriormente, a 41€/mes (ambos importes con IVE e cota de liña incluídos). Esta promoción non inclúe a cota de activación, por importe de 12.104 (IVE incluído), que lle será cobrada na primeira factura. Si inclúe a instalación de router premium. Servizo suxeito a permanencia durante 18 meses desde a súa contratación. En caso de cancelación anticipada do servizo, aplicarase o custo de 163.354 (IVE incluído) de forma proporcional aos meses restantes do período de permanencia. Liñas de móbil adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

A MARIÑA

Arranca a celebración do Entroido

Este ano foi recoñecido como Ben de Interese Cultural e o de Foz será o primeiro que se celebre de Interese Turístico Galego

O Entroido é por definición a festa máis divertida do ano. Unha festa na que os costumes se relaxan, os roles se inverten e un pode rir de todo. O Entroido, tamén chamado Antroido ou Introido, entre outras denominación, é ademais unha celebración de longa tradición popular.

A PONTENOVA. A festa do Entroido na Pontenova será o domingo 11 de febreiro no pavillón municipal Tito Margaride. Este ano está organizado pola CIT en colaboración co Concello. Así, nesta cita haberá xogos, música e baile para os máis cativos, quen gozarán con todas as actividades e as lambetadas. Así mesmo, dende o Concello sinalan que se vai facer unha ruta de tapas típicas do Entroido polos locais de hostalaría, e contarán cunhas tarxetas nas que os participantes disfrazados terán que ir selando en cada un dos establecementos hostaleiros participantes. Entre todas as tarxetas seladas completamente sortearanse 1.200 euros en vales-regalo para cambiar nos comercios locais da Pontenova.

ALFOZ. A Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo en colaboración co Concello de Alfoz organizará a festa o luns 12 de febreiro. As inscricións serán de xeito presencial o día do desfile a partir das 19.30 e ata as 21.00. O desfile comezará a partir das 21.00 horas co infantil e máis tarde co de adultos. Despois haberá unha festa e baile coa Discomovil Eventec e farase entrega dos premios, que repartirán un total de 1.870 euros, e que este ano aumentan na categoría comparsas.

BARREIROS. O Entroido será do 11 ao 16 de febreiro e comezará coa festa infantil de disfraces no centro social o domingo 11 de 15.00 a 20.00 horas con pintacaras, xogos e música. O luns 12 e o mércores 14 haberá actividades para os nenos de 10.00 a 13.00 horas (con inscrición previa) e rematará a programación o venres 16 co xa tradicional desfile de Entroido a partir das 21.00 e que este ano trae como novidades unha gran primeira demostración na praza do Concello de cada participante para logo desfilan ata o centro social onde ao rematar haberá festa con Dj Eventec, postos de comida e a posterior entrega de 1.000 euros en premios.

CERVO. Neste municipio xa teñen todo a punto para celebrar un Entroido por todo o alto, con actividades e festa para todos os públicos que xiran



rán arredor aos tres desfiles que se celebrarán en Cervo, en San Cibrao e en San Román de Vilaestrofe.

Os actos comezarán o domingo 11, co Desfile de Cervo que partirá ás 18.00 horas do Ceip de Cervo, a ritmo da charanga Os Macanudos, ata a Praza do Souto, onde se fará a entrega dos premios aos mellores disfraces; a continuación disco móbil Conxuro, poñerá os acordes á festa. As inscricións poden realizarse a través dos teléfonos 675 823 985 e 617 313 207 e tamén estarán a disposición dos participantes de 17.00 a 18.00 no Ceip de Cervo, o mesmo día do desfile.

O martes 13 terá lugar o desfile de Entroido de San Cibrao a partir das 18.00 horas con saída da carpa instalada na Praza dos Campos e amenizado pola charanga Os Macanudos. Haberá 2.280 euros en premios aos mellores disfraces e comparsas. Ao remate do desfile amenizará un grupo de música.

As persoas interesadas en participar no desfile poderán anotarse na casa da cultura de San Cibrao, chamando ao 982 595 157 ou o mesmo día do

desfile.

O sábado 17 péchase a semana de Entroido co Desfile de Entroido de San Román organizado pola Asociación Mulleres Rurais As Espalladoras. Será a partir das 22.00 horas no Pavillón de San Román de Vilaestrofe e estará amenizado polo grupo Zona e por disco móbil Conxuro. Repartiranse máis de 1.500 euros e o teléfono para a inscrición é o 656 272 802.

BURELA. Nesta vila desenvolverase serán un total de seis días con numerosas actividades, dende o día 9 ata o 14, día do Entero da Sardiña. A primeira delas será a Festa Xuvenil o venres 9 de 19.00 a 22.00 con música de DJ, premios e chocolatada.

O sábado 10 a partir das 23.00 terá lugar o Entroido Bonito, unha festa con DJ e concurso de disfraces. O martes 13 será o Día do Neno, de 16.30 a 21.00 con inchables, manualidades, música e un desfile infantil con premios. O gran Desfile de Carnaval será o domingo 11. As inscricións realizaranse ata o día 9 de febreiro na Casa da Xuventude, ou no propio día do desfile ata ás 15.30. O

importe dos premios no desfile será de 3.280 euros repartidos en diferentes categorías. Por outra banda, o luns 12 de febreiro na praza de Abastos ás 16.30 terá lugar un obradoiro de cocina infantil. E finalmente, o entroido cerrase co tradicional Entero da Sardiña o mércores 14 a partir das 20.00 dende O Poeta ata O Penoural.

FOZ. A asociación O Noso Foz e o Concello presentaron as actividades para o Entroido. O programa comezou coa coroación da raíña, e o seguinte acto é a inauguración da exposición que sempre corre a cargo dos pregoeiros, que este ano será a Peña Ñasss, e que terá lugar o día 8 de febreiro ás 20.00 horas no Cenima, seguida da cea de comadres, organizada por Afammer e pola Asociación de Amas de Casa. O venres 9 de febreiro é día de coplas e pregón na carpa da rúa Atalaia a partir das 20.00 horas.

O día grande chegará o sábado 10 ás 17.00 horas coa saída do gran desfile, para o que xa están abertas as inscricións, que poderán facerse ata

o día 9 ás 14.00 horas na Delegación de Cultura do Concello ou chamando ao teléfono 982 140 027. O desfile rematará coa entrega de premios ás 1.30 horas na carpa da rúa Atalaia, na que a partir das 22.00 horas se abrirán as billeteiras e na que actuarán as orquestras Saudade e Waykas. O domingo 11 será a quenda do baile infantil, na mesma carpa da rúa Atalaia, a partir das 17.00 horas e no que se entregarán os premios do desfile ás 19.30 horas. A continuación, no salón de actos do Colexio Martínez Otero ás 20.30 horas desenvolverase o coñecido Touporroutou.

O luns 12 terá lugar o Baile do Farolillo a partir das 23.00 horas coa orquestra Gran Parada e o dj Marcos Peón. E o martes 13 será o día do neno, con festa para os máis pequenos a partir das 17.00 horas na carpa da rúa Atalaia. O Entroido de Foz despedirase coa queima do Entroido prevista para o venres 16, cun cortejo fúnebre que sairá do Campo da Cabana e rematará na carpa da rúa Atalaia coa queima.

LOURENZÁ. O Concello e a ACIAL están a preparar o tradicional desfile de Entroido ou Domingo de Piñata que este ano trasládase para o 25 de febreiro. Para participar será necesario a previa inscrición no email entroidolourenza@gmail.com antes do venres 23 ou o mesmo día do desfile no recinto feiral de 12.00 a 15.30 horas. O desfile sairá do recinto feiral ás 16.30 horas e percorrerá as rúas da vila cara a praza do Conde Santo e repartirán máis de 5.600 euros en premios.

MONDOÑEDO. A vila celebrará o seu desfile e festa de Entroido o sábado 17 de febreiro que sairá do Campo dos Paxariños, ás 17.30 horas, e percorrerá a avenida San Lucas e as rúas Bispo Sarmiento, Andrés Baamonde e Progreso para finalizar na Praza da Catedral. Todos os participantes poderán anotarse no correo entroidomindoniense@gmail.com ou no teléfono 982 507 177. O prazo para inscribirse será ata o 16 de febreiro. Haberá premios nas categorías adultos (comparsas 1.875 euros, grupos de máis de 10 persoas 850 euros, grupos de menos de 10 persoas 450 euros, parellas 400 euros e disfraces individuais 325 euros) e infantil (grupos 525 euros, parellas 225 euros e individuais 150 euros). Ademais, haberá un premio especial ao mellor grupo de batería e percusión de comparsas, dotados con 200 euros.

O VALADOURO. O Concello organiza un ano máis a festa que será o domingo 11 de febreiro e que contará con desfile de disfraces, unha festa e o Enterro da sardiña. Así, ese día a partir das 17.00 horas será o desfile polas rúas de Ferreira ata o pavillón municipal. En caso de que as condicións meteorolóxicas impidan a realización do desfile, trasladarase integramente ao pavillón. Para participar será necesario a inscrición previa ata o venres, 9 de febreiro, ás 20.00 horas na casa da cultura ou polos leitos habituais da Administración ou o mesmo día no punto de saída de 15.00 a 16.30 horas. Xa o día 13, o martes de Entroido, a partir das 16.30 horas no pavillón será a festa de disfraces infantil que contará con xogos, inchables, e obradoiro. E o venres 16 a partir das 20.00 horas o esperado Enterro da Sardiña.



O VICEDO. A comisión de festas de Santo Estevo do Vicedo organizan a festa o sábado 17 febreiro que comezará ás 13.30 horas coa sesión vermú a cargo de Borja Dinastía, e seguirá ás 16.30 horas coa festa e inchables. Xa pola noite, ás 21.30 será o desfile infantil que contará con premios e a posterior cea e merenda. Máis tarde, ás 22.30 horas, será a gran verbena amenizada pola orquestra Unión y Fuerza e a disco móbil Eventec. Ás 00.30 horas farase o sorteo da gran cesta de Entroido e o desfile de adultos no que haberá de premios, 30 euros para os disfraces individuais, 60 para as parellas e 100 euros para grupos.

breiro en diferentes localizacións da vila. O día 10 pola noite haberá un sorteo de agasallos entre todas as persoas que salgan disfrazadas á rúa. O 11 será o día do cocho e da mascarita. No Cantón tamén está previsto un sorteo entre as mascaritas que acudan ao encontro. Esa xornada celebrarase o baile infantil de disfraces no Rosalar. Neste 2024 recupérase a cea do Entroido, que terá como protagonista o tradicional cocido e que convocará a toda a veciñanza nunha carpa instalada no Campo de San Francisco. Isto será o luns día 12. O martes 13 terá lugar polas rúas de Ribadeo o desfile a partir das 17.30 horas. Nesta edición, para fomentar a participación, increméntase o número de premios así como as contías en varias modalidades. O Antroido 2024 rematará o 17 de febreiro coa Queima a carón da estación de autobuses.



O UROL. A parroquia de Bravos, en Oroul, organiza unha festa de Entroido o luns 12 de febreiro a partir das 22.00 horas con baile incluído. Nesta cita haberá degustación de produtos típicos do Entroido como son xamón, chourizos, orella e lambonadas. A festa estará amenizada polo dúo Dilema e contará con grandes premios para os mellores disfraces individuais, en parella e de grupos.

RIOTORTO. O Concello organiza unha festa infantil o martes 13 de febreiro. A xornada, que será de 17.00 a 20.00 horas, contará con inchables e talleres ademais do tradicional desfile. Despois da festa ás 20.00 horas, que se celebrará no pavillón polideportivo, poderase desfrutar de chocolate con churros. Para participar non será necesario anotarse previamente no Concello.

RIBADEO. O Entroido adiantase en Ribadeo e xa deu comezo o 3 de febreiro. Por diante haberá tres fins de semana cargados de actividades. Haberá unha festa do freixó, que se desenvolverá os días 10 e 11 de fe-

TRABADA. A asociación O Picato ten listo o programa do Entroido que será o sábado 24 de febreiro. Contarán con xantar e música e o desfile dará comezo as 18.00 horas que dará paso á festa, a gran verbena, e

á entrega dos premios. Tamén venderanse rifas durante o desfile e no comezo da verbena para un sorteo. Para participar é necesario anotarse online antes das 16.00 horas mandando un correo a asociacionculturalopicato@gmail.com. E presencialmente de 14.30 a 16.00 no salón de actos do colexio. A contía dos premios do desfile ascende a 5.000 euros a repartir entre todas as categorías.

VIVEIRO. A cidade do Landro tamén fará un desfile e concurso de disfraces para o que ten o prazo de inscrición aberto ata o 9 de febreiro. O Concello de Viveiro concederá premios aos catro mellores participantes en cada categoría, cun premio de 700 euros para a mellor carroza. En total, repartiranse case 5.500 euros en premios entre todas as categorías. Tamén se concederá un premio especial ao humor e á orixinalidade,

entre todos os participantes da categoría adultos. Por último, o Concello de Viveiro outorgará unha axuda especial por un importe máximo de 200 euros a cada unha das carrozas participantes no desfile.

VEGADEO. A Comisión de Festas de Vegadeo organiza para o venres 9 de febreiro a festa de Entroido na que contarán co grupo Origen para animar o baile e cunha gran churrascada para os asistentes.

Ás 21.00 horas comezará o gran desfile de Entroido polas rúas de Vegadeo que contará con grandes premios. E ás 00.30 horas será a gran festa co grupo Origen e o DJ Alejandro Martínez. Xa a partir das 23.00 horas será a cea que terá un prezo de 15 euros anticipada, e se tan só se quere ir á festa serán 3 euros. A cea constará de churrasco, chourizo, sobremesa, pan, viño e auga. Para a churrascada

será necesario mercar as entradas aos membros da comisión ou na librería Casa Pérez, librería Patefa ou librería San Pedro. Para o desfile haberá que inscribirse antes do xoves 8 ou o mesmo día do evento entre as 14.00 horas e as 16.00 horas na piscina municipal.

XOVE. O Entroido dará comezo o venres 9 cun baile infantil de disfraces no pavillón municipal a partir das 18.00 horas, amenizado pola Disco Móbil Conxuro.

O sábado 10 de febreiro será a quenda das actividades centrais do Entroido e comezarán ás 17.00 horas co desfile de Entroido polas rúas de Xove, con saída do campo municipal de fútbol e chegada ao Centro Cívico. Durante o desfile e ao remate do mesmo contarán coa actuación da Mekánica Rolling Band. Unha vez rematado será a festa no pavillón ata altas horas da madrugada. Nun intermedio desta festa farase a entrega dos premios infantís do desfile. Actuarán Disco Móbil Conxuro e o Grupo Fénix.

Para participar no desfile haberá que inscribirse no Concello antes do venres 9 de febreiro incluído, ou ben, chamando ao 982 592 001. Tamén o mesmo día do desfile poderanse facer inscricións no punto de saída localizado na nave-almacén situada ao carón do campo municipal de fútbol, dende as 15.00 ata as 16.30 horas. O gran desfile vai repartir 4.910 euros en premios, e ademais haberá un agasallo para o disface máis orixinal, ao conxunto máis numeroso, ao participante máis maior e ao máis novo.

Unidos para que el mundo sea maravilloso



La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?



Saúde Mental desenvolverá de novo o programa Velando pola miña saúde integral



A Asociación Saúde Mental A Mariña continua a desenvolver o Programa Velando Pola Miña Saúde Integral que, neste ano 2024, chega a súa quinta edición. Este programa está a ser cofinanciado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da subvención destinada á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedade, xestionado pola Secretaría Xeral da Igualdade para o ano 2023.

Isto permite á entidade dar continuidade a un programa que brinda un apoio que resulta fundamental para as mulleres beneficiarias e que contribúe significativamente na mellora

da súa calidade de vida. O obxectivo polo que se traballa de forma continuada a través do Programa Velando Pola Miña Saúde Integral IV é prestar apoio ás usuarias da Unidade Residencial e da Vivenda Tutelada para Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero con Enfermidade Mental na atención integral da súa saúde. Trátase de facilitar a comprensión e asistencia e/ou seguimento das citas médicas e o cumprimento das indicacións dadas, así como de manter a estabilidade clínica favorecendo o seguimento das pautas farmacolóxicas e indicacións médicas, co fin de cumprir coas mesmas e contar co tratamento médico individualizado adaptado ás necesidades de cada usuaria.

Entre as actuacións que se están a desenvolver atópanse os acompañamentos en citas médicas e talleres de educación para a saúde, entre outras.

O Sergas adxudica prazas de médicos en once centros de saúde da provincia de Lugo

O Servizo Galego de Saúde vén de publicar na súa páxina web a relación de persoas adxudicatarias en primeira rolda do concurso de méritos convocado para prazas de categoría de facultativo especialista en atención primaria.

Esta relación foi xa remitida para a súa publicación oficial no Diario Oficial de Galicia nos vindeiros días. Desde esa publicación oficial abrirase un prazo dun mes para que as persoas adxudicatarias podan tomar posesión das súas novas prazas.

Deste xeito, darase cobertura estable a 65 prazas de atención primaria de difícil cobertura que, ou ben se atopaban vacantes ou estaban cubertas por persoal interino e que non foran elixidas nos últimos procesos de concurso de

traslados ou ofertas de emprego público.

Na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos es prazas corresponden a Baralla, Burela, Castro de Rei (Castro Ribeiras de Lea), Guntín, Meira, Monforte de Lemos, O Vicedo, Pedrafita do Cebreiro, Sarria, Viveiro e Xermade. Desta forma, nas próximas semanas incorporaranse 65 profesionais de medicina familiar e comunitaria a estes centros de saúde. Proximamente, publicarase a resolución de puntuación e adxudicación provisional dos concursos de méritos convocados para as prazas de pediatría de atención primaria e de hospitais comarcais, consideradas tamén de difícil cobertura.

O debate sobre o veto dos móbiles nos centros

Galicia estende a prohibición aos recreos, ao comedor e ás actividades extraescolares a partir de xaneiro, unha medida que xera distintas opinións

Por **Lucía Blanco**

Regresar ás aulas despois das vacacións de Nadal conlevará un lixeiro cambio para os alumnos galegos, pois farano esquecéndose dos móbiles tamén nos seus momentos de ocio. Esta nova medida aprobada pola Administración autonómica implica que os rapaces e rapazas non poderán usar os dispositivos durante as clases, unha práctica que xa estaba prohibida dende o 2015 e que agora se estende aos momentos fóra do horario educativo, xa que tampouco os poderán empregar nos recreos e os períodos de descanso.

Das rúas ao plano político, o debate sobre o uso dos dispositivos transcende esferas e toma un novo rumbo. Tanto os centros de ensino de secundaria públicos como os concertados e os privados estarán libres de móbiles nos recreos, nos comedores e tamén nas actividades extraescolares, mentres o Goberno galego estuda aplicar a normativa tamén entre os de 16 e os de 18 anos. Reducir a distracción e fomentar unha aprendizaxe máis centrada son os obxectivos desta norma nun contexto de crecente preocupación polo impacto da tecnoloxía no ambiente educativo.

“Isto fóisenos das mans fai tempo. No momento en que empezamos a mercar móbiles a nenos de 10 anos hai un problema. Aquí a responsabilidade é de todos e de todas, porque non sabemos o que teñen entre mans e eles tampouco o saben”, di Isabel Calvete, presidenta da Confederación de Anpas Galegas. Neste senso, o emprego abusivo da tecnoloxía, as adicións, o incremento do ciberacoso, o fácil acceso a materiais pornográficos e o descenso do rendemento escolar son inxerencias que se manteñen enriba da mesa. Ata este momento, os institutos eran os que limitaban o uso das pantallas durante os períodos de descanso, pois nos centros de primaria xa estaba prohibido, xa que o recreo e o comedor forman parte do hora-



rio lectivo. De feito, segundo datos proporcionados pola Consellería de Educación, o 75 % dos centros educativos galegos públicos e concertados xa tiñan vetado o seu uso entre o alumnado en todo momento, polo que dende Anpas Galegas non lle encontran moito sentido a estender a prohibición. “Fai 9 anos que en Galicia xa se prohibiron e a situación non mellorou. Cando falamos da prohibición non nos convence, convéncenos o tema de traballar sobre a problemática, a prevención, a información e a formación, que é o que queremos que faga a Consellaría”.

MELLORAR A CONCENTRACIÓN.

A comunidade docente, pola súa parte, acolle de bo grado esta nova medida, xa que apostan por unha regulación de referencia a nivel estatal que lles permita aos centros dirixir a súa utilización e asegurar a convivencia nas clases. “Hai estudos que teñen detectado que só por ter o teléfono na mochila apagado, o grao de atención non é o mesmo que se non o teñen dentro da aula”, explica Julio Díaz, presidente do Sindicato Anpe. Ademais de dificultar a práctica educativa, que as pantallas sexan o elemento protagonista do día a día dos máis novos tamén afecta as súas relacións sociais. “É moi triste ver a dous ou tres rapaces xuntos falando por WhatsApp con outros que están a sete metros. Non hai unha rela-

ción, nin un contacto. Nós cremos que o tempo de recreo é un tempo corto para a convivencia e, sobre todo na zona do rural, ese tempo para a convivencia é moi importante”, engade Díaz. Un argumento que xa defendeu o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, ao anunciar a medida o pasado 7 de decembro, cando asegurou que servirá para “impulsar as relacións interpersoais e mellorar a convivencia”.

Porén, tampouco se pode perder de vista os usos pedagóxicos dos dispositivos dixitais cando funcionan como unha ferramenta máis de aprendizaxe, tal e como contempla a normativa. “Está claro que os rapaces están co móbil, coas tabletas e as novas tecnoloxías a diario, así que pedagoxicamente e con medios educativos si que é bo utilizarlos mesmo para explicar certas cuestións”, mantén o presidente de Anpe.

Os móbiles convertéronse na forma de relación que teñen hoxe en día os rapaces, pero precísase a colaboración dos pais para poñer límites na cuestión. “É un problema social, non é un problema dentro do ámbito educativo, vai moito máis aló. Queremos transmitir ás familias que nos falta formación a todos e que hai que ter un control pero desde todos os lados. Desde as familias tamén, para saber que están mirando e a onde están chegando coa información que se lles ensina”, defende Calvete.

Uned Lugo lanza unha canle de Whatsapp

A Uned de Lugo presenta unha nova forma de conectar directamente coa comunidade universitaria a través da canle de WhatsApp do Centro Asociado á Uned en Lugo.

Esta aplicación de mensaxería permitirá aos usuarios consultar as novas universitarias de maneira inmediata dende os seus teléfonos

móbiles para estar puntualmente informado do día a día do centro universitario.

O xestor de administración da institución universitaria, Carlos García valorou o feito de que a Uned como entidade concibida para achegar a formación e a cultura a todos os recunchos do noso territorio está moi atenta aos cambios sociais no uso da

comunicación como demostra este novo anuncio.

Ao sumarse á nova canle universitaria, o usuario recibirá un resumen das actividades e novidades máis relevantes. Haberá material gráfico e audiovisual que poderás visualizar garantíndose a cantidade razoable de envíos e o anonimato dos usuarios.

Alcoa iniciou a reactivación das primeiras cubas de electrólise

A multinacional estadounidense Alcoa iniciou a reactivación das primeiras cubas de electrólise da fábrica de Aluminio de San Cibrao. Para este proceso achegáronse varios especialistas de Canadá que asesoran aos traballadores encargados do proceso xa que nunca antes se experimentara esta situación na planta.

Así, comezaron a entrar en calefacción dúas cubas, a 104 e a 108 da serie B, que se enchufaron á Rede Eléctrica Española para ilas quentando para o futuro rearranque que será dentro de varios días.

Segundo os seus datos a finais do 2023, este proceso estará completo ao 100 % en outubro de 2025 o que fará que estean activas 532 cubas de electrólise. Pero en abril terán que estar reactivadas as primeiras cubas, 32 das máis de 500 que hai na factoría.

O presidente do comité, José Antonio Zan, sinala que o importante é o plan de viabilidade para a fábrica e pídelles ás administracións que estean vixiantes pois "o atraso na preparación do rearranque



das cubas pode poñer en perigo o compromiso de que as 32 estean en marcha o 31 de marzo".

Neste tempo de hibernación, a multinacional mantivo os postos de traballo na súa totalidade que son arredor duns 1.000 traballadores, e fixo investimentos para modernizar a factoría cervense, malia que falta o novo forno de ánodos.

Tamén neste período de tempo tramitáronse os parques eólicos que deberán abastecer ao complexo industrial no futuro. Está previsto que un total de nove parques eólicos subministren a

Alcoa-San Cibrao a enerxía necesaria para producir alúmina e aluminio a un prezo competitivo. Dels cinco xa foron autorizados polo Ministerio de Transición Ecolóxica.

PROCESO. O ánodo e o cátodo son os elementos que permiten que a electricidade se poda transmitir pola cuba, así que primeiramente preparase cada un deles co illamento térmico adecuado. Despois engádese un baño líquido, a alumina e as sales de criolita, todos eles esenciais para realizar a electrólise. Para que as cubas funcionen, necesitan moita cantidade de enerxía a cal fai que se rompan as moléculas de alumina e separa o oxíxeno que ascende en forma de gas, e o aluminio líquido depositase ao fondo da cuba. Ao estar paradas desde fai dous anos, o aluminio que se atopa no seu interior está en estado sólido a temperatura ambiente, e para que todo este proceso comece, o aluminio ten que estar a 660°C e máis adiante a cuba alcanzará máis de 1.000°C para a criolita. Cando se consegue a tensión adecuada comeza a producirse a electrólise e a cuba xa se considera arrancada.

Eólicos na Mariña di que os polígonos "están fora do plan sectorial de Galicia"



Publicouse no BOE a resolución do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, Miteco, nas que se formula a declaración de impacto ambiental dos Polígonos Eólicos Ventisca, Boura, Monzón, Borrasca e Levante e as súas infraestruturas de evacuación.

Estes polígonos industriais eólicos, afectarán aos seguintes municipios da provincia de Lugo: As Nogais, Becerreá, Triacastela, Baralla, Baleira, Pol, Ribeira de Piquín, Meira, A Pastoriza, Abadín, Mondoñedo, Lourenzá, Foz, Alfoz, Cervo e Xove. Todos eles foron promovidos por sociedades unipersoais do Grupo Greenalia.


"Sorprende que, nas propias resolucións do Miteco, se indique, que a avaliación de impacto ambiental está realizada sobre a documentación presentada polo promotor. Esta documentación non aporta ningún traballo de campo detallado senón que se limita a fórmulas estereotipadas. Sorprende tamén a desidia de moitos concellos afectados polos proxectos que ao seren consultados, nin sequera se molestaron en dar unha contestación, foron máis da metade nalgúns dos casos", engaden, "trátase duns polígonos eólicos que "están

fora do plan sectorial eólico de Galicia". Desde a Plataforma asinante queren destacar que os estudos de impacto ambiental son "claramente insuficientes e sesgados, xa que están realizados pola propia empresa promotora e avaliados posteriormente polo Miteco sen tempo nin persoal suficiente".

"Estanse valorando como catro, cinco con Levante, polígonos eólicos distintos o que claramente é un único polígono eólico coa súa vía única de evacuación, dándose así unha fragmentación artificial e ilegal dos mesmos", din.

"Estamos a falar dunha grande afectación a zonas rurais con grande potencial agrario e turístico (no caso da costa) que de feito, están a vivir un rexurdimento poboacional, que quedaría, senón truncado, seriamente danado coa instalación destes polígonos", engaden as plataformas medioambientais.

Dado que o motivo de permitir estes polígonos en zonas fóra do plan sectorial "é o abastecemento de enerxía a Alcoa, hai que dicir que Alcoa está incumprindo sistematicamente todas as promesas feitas tanto aos seus empregados como ás administracións".



PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

As obras da nova Edar comezarán a finais de mes



As obras da nova Estación Depuradora de Augas Residuais de Foz darán comezo neste mes de febreiro, moi probablemente despois do Entroido. A empresa adjudicataria dos traballos e o Concello asinaron a acta de replanteo e actualmente atópanse na fase de organización de tarefas para así comezar a nova obra.

Os primeiros traballos consistirán na medición de ruidos para cumprir co establecido no informe ambiental e despois procederase a desbrozar e mover terras na parcela onde se vai situar esta edificación.

A nova Edar estará localizada en Caldouceiro e con ela construírse tamén un tanque de tormentas e ampliaranse os bombeos e os colectores para así rematar co mal funcionamento do saneamento municipal que non ten a capacidade necesaria para tratar a auga.

Oo alcalde focego, Fran Cajoto, sinalou que "o 31 de xaneiro asinou a acta de replanteo para a depuradora de Foz e polo tanto en febreiro poden comezar as obras,

cun atraso de máis de 6 anos", explica o rexedor municipal.

Cajoto engade que "é unha obra que está levando Augas de Galicia, departamento da Xunta que nos informou destas datas. Así que pídolle ao señor Balseiro que non use a desinformación continua, se ten algunha dúbida que me chame ou que acuda ás reunións ás que o cito e que simplemente lle diga a verdade á veciñanza de Foz".

PP. Os concelleiros do Grupo Municipal do PP de Foz esixen ao alcalde "que pida desculpas a todos os focenses" por mentir sobre os permisos da nova depuradora, xa que non dispoñía de todos os permisos necesarios.

A concelleira popular, Mercedes Rodríguez, afirma que o convenio con Portos de Galicia que o alcalde someteu á aprobación do Pleno "demóstrase que mentiu" porque este convenio é fundamental para que este organismo "autorice o paso das diferentes instalacións e equipamentos da depuradora do municipio".

Novas confirmación para o Riosmar Fest de Cangas de Foz

Seguen as confirmación para o Riosmar Fest, o festival de grandes orquestras que se celebrará en Cangas.

Os organizadores da celebración, a comunidade de montes veciñais en man común Real, Rañadoiro e Agudo de Cangas de Foz segue cos preparativos da cita que será no campo de fútbol de Cangas o vindeiro venres 22 de marzo, contará con grandes orquestras para animar a festa. Polo momento tan só confirmaron que estará París de Noia e a Litainer.

Na edición 2023 contou con Djs lampiti e Conxuro e co Macro



Disco Level, e o recinto contou con servizo de barra. As entradas aínda non se poden adquirir, pero poderían oscilar o prezo do ano pasado, entre 10 euros e 12 o propio día.

Aprobada a licitación dos servizos da auga potable e do Bar Náutico

O Concello de Foz tratou no Pleno da corporación municipal a licitación da cafetería do Centro Social e o estudo de viabilidade e económica do contrato da auga. O alcalde, Fran Cajoto, destaca a importancia do expediente, "durante a pasada legislatura vimos a importancia de recuperar para os nosos maiores o Bar Náutico, un auténtico punto de encontro social que fora suprimido, no que se investiron máis de 76.000 euros, supuxo a transformación do antigo local nun espazo aberto ao mar e adaptado ás persoas con mobilidade reducida". Esta moción foi aprobada cos votos a favor do BNG e o PSOE.

O alcalde engade "o Concello fixa un horario de apertura mínimo para a cafetería de 9 a 21 e de luns a domingo. Rematados os trámites as persoas interesadas deberán presentar a súa mellor oferta económica, tendo en conta que os maiores de 65 anos teñen uns prezos máximos establecidos".

Outro punto fundamental para o Concello que se tratou foi o estudo de viabilidade económica para a concesión do servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais, que actualmente xestiona a empre-



sa Gestagua. Fran Cajoto explicou que "temos a obriga de licitar un contrato caducado e obsoleto, para avanzar nunha mellor xestión de algo tan importante como é a auga. Neste estudo contéplase un investimento de 1,2 millóns de euros, co obxectivo de mellorar as plantas potabilizadoras de Fazouro e Córdido e anticiparnos a problemas como os acontecidos este pasado verán. Ademais inclúese un canon inicial que deberá aportar a nova concesionaria, de 1,1 millóns de euros, para melloras da rede e outras actuacións; e un canon variable, sobre o que se poderá ofertar na fase de concurso.

PP. Javier Castiñeira di que "é un absoluto despropósito a suba do 70 % da cota que tiñamos ata agora".

Tamén din que "o PSOE contradíse: non é o mesmo que dicían no 2011 na oposición que o que fan agora. Daquela propoñíamos actualizacións, tal e como estaban recollidas no contrato, pero o PSOE dicía que non se actualizaran os prezo porque subirle a auga aos veciños non era boa noticia", subliña Castiñeira.

"Se daquela se tiveran actualizado os prezos, teríanse aforrado as denuncias de Gestagua e varios millóns de euros que houbo que pagar. E, desde logo, tamén se evitaría esta subida agora de golpe", reamta dicindo.

A Uned en Foz programa cinco novas actividades para este mes

A concelleira da Aula Universitaria da UNED Foz, Elena Martínez Pena, e a coordinadora da mesma, Marta Muiña Rodríguez, veñen de presentar a nova programación formativa para vindeiro mes de febreiro. Deron conta de cinco novas actividades, para as que xa está aberta a inscrición.

Para comezar propoñen participar na presentación do libro ESL Sentence Builders, o xoves día 1 de febreiro ás 19 horas. A docente focese Leticia Veiga achégase á aula da UNED de Foz a dar conta do libro do que é coautora, ESL Sentence Builders. Trátase dunha obra didáctica baseada nunha novidosa metodoloxía para a ensinanza de idiomas. Unhas semanas despois, do 19 de febreiro ao 18 de marzo, esta autora impartirá un dos cursos de extensión universitaria, no que expoñerá o uso desta innovadora didáctica, denominado Implantación da metodoloxía EPI (Extensive Processing Instruction) en idiomas.



As clases terán lugar os luns de 19 a 21 horas.

Ademais o Curso preparatorio de Celga 3 e 4, que foi presentado na programación de xaneiro, tivo que ser posposto e pasará a celebrarse entre o 21 de febreiro e o 17 de abril. Terá lugar os mércores de 16 a 19 horas.

E o 27 de febreiro dará comezo un curso sobre Primeiros Auxilios Pediátricos, que se impartirá os mar-

tes de 17.30 a 20.30 horas en semanas contiguas ata o 19 de marzo.

Calquera destas actividades poden realizarse de maneira presencial e online en directo e en diferido. Para obter máis información sobre calquera delas indican que se contacte coa Aula Universitaria de Foz no teléfono 982 133 699, no WhatsApp 604 034 549 ou no correo electrónico foz@lugo.uned.es.

“Deste ano 2024 espéranse moitas emocións e sobre todo moita festa”

Carlota Fernández del Riego foi coroada como Raíña do Entroido de Foz

Foi elixida a Raíña Entroido de Foz 2024. Como se sente?

Pois síntome unha verdadeira privilexiada por poder representar o Entroido do meu pobo no que levo participando tantos anos e ao que tanto cariño lle teño.

É unha honra?

Está claro que é unha honra xa que non calquera ten a sorte de vivir esta experiencia única e de gozala dende este punto de vista.

Ademais é a primeira Raíña sendo Festa de Interese Turístico.

Teño moita sorte de dicir que son a primeira raíña dende que o Entroido de Foz é de Interese Turístico, e preparareime con

todas as ganas do mundo, coa compañía das miñas increíbles damas, da miña familia e amigos, e sobre todo coas miñas queridas Trouleiras.

Pode desvelarnos algo do disfraz?

Por agora queremos seguir mantendo en segredo o noso disfraz co fin de manter a intriga e que a xente teña máis ganas de velo en directo o gran día.

O Noso Foz é o colectivo organizador, como se sente ao formar parte del?

É un pracer poder formar parte de O Noso Foz e vivir dende primeiro plano todo o que implica este entroido. Ademais, dende fóra pode parecer que só hai que facer dúas cousas de nada

pero en realidade as horas que se dedican non teñen fin.

Que caracteriza esta festa?

O Entroido de Foz caracterízase pola xente, penso que poderíamos describilo como unha unión. Xa que durante eses días todos nos axudamos ben sexa co traxe, cos tocados... Os membros das familias aínda sendo de diferentes comparsas ou grupos, bótanse unha man co fin de que todo estea listo para o gran día e poidamos pasalo da mellor das maneiras.

Algunha lembranza especial de todos estes anos de festa?

Penso que cada ano ten algo especial e poder vivilo xa é un auténtico privilexio, de feito o ano que a pandemia provocou



que o Entroido se tivera que suspender fixo que todos nos désemos aínda máis de conta do que nos gusta vivilo.

Que se espera deste ano 2024?

Deste ano 2024 espéranse moitas emocións, moita festa e sobre todo seguir mostrando a todo o mundo que vén, que o Entroido de Foz ten algo especial e que cando o probas quedas coas ganas de volver cada

ano a gozalo aínda máis.

Por que se di que o Entroido de Foz é o mellor?

Dise que é o mellor Entroido do mundo, porque o sentimento que se ten por el é indescribible. Son unhas datas moi sinaladas para calquera focense que vive esta festa e as ansias e a emoción que se ten porque cheguen todos os días de troula son constantes.

Entregados os premios aos gañadores do concurso de escaparates de Acia Foz CCA

Foron entregados os premios aos gañadores do concurso de escaparates, organizado por Acia Foz CCA o pasado Nadal. O alcalde, Fran Cajoto, e o presidente de Acia Foz CCA, José Carlos Paleo, foron os encargados de entregarlle o primeiro premio Lucía Pérez, de Hedra.

No segundo premio houbo empate entre Electricidad Núñez e Ofifoz. Tamén houbo empate no terceiro premio entre Centro Dietético y Nutrición Alba Vila e Antigüedades

Álvarez. O agasallo a Alba Vila e Olalla Rodríguez foi entregado por Purificación García e Ramón Castro, vogais de Acia Foz CCA. E Eva Álvarez recibiu o agasallo de mans do presidente de Acia Foz CCA, José Carlos Paleo, e do rexedor focense, Fran Cajoto.

Desde AciaFozCCA houbo unha mención especial “a dous dos nosos asociados: Augas Santas e Finca Goleta, que obtiveron a distinción Sicted (Sistema Integral de Calidade



Turística en Destino)”. O alcalde foi o encargado de entregarlle un detalle de recoñecemento a Mariela Iriarte e o presidente de AciaFoz fixo o propio con José Manuel Villapol.

A asociación focense tamén felicitou ao Equipo Mapfre Foz, pola súa

obtención do Top 4. Fran Cajoto entregoulle o detalle á delegación desta firma. E José Ginzo fíxolle entrega doutro detalle a Cati Ramos, de Chuvia, que en decembro obtivo o premio O mellor comercio da túa vila.

A Sala Bahía acollerá actuacións musicais os sábados e domingos

A Sala Bahía acollerá bailes con actuacións musicais en directo en febreiro, organizados polo Concello. Son de 19.00 a 22.00 horas e o prezo da entrada é de 5 euros.

O domingo día 11 estará amenizado polo trío Primera Línea, o día 18 cantará o dúo D’Vicio e o último domingo do mes a actuación correrá a cargo do dúo Matices.

Os sábados serán de 20.00 a 23.00 horas tamén a 5 euros e comezando o día 10 con La Hora bruja, o sábado 17 con Miguel La Clave e o día 24 con Ángel América.

Burela adhiúrese á Estratexia de Promoción da Saúde e Prevención



O Concello de Burela adhiúrese á Estratexia de Promoción da Saúde e Prevención do Sistema Nacional de Saúde, unha iniciativa dentro do Plan Estratégico de Saúde Nacional. Trátase dunha iniciativa do Ministerio de Sanidade cuxa finalidade é promover a saúde, a realización de actividade física, manter unha alimentación adecuada e previr enfermidades entre outros, co obxectivo de gañar anos de vida para a poboación e desenvolver estilos de vida máis saudables. “A Estratexia de Promoción da Saúde e Prevención propón o desenvolvemento progresivo de intervencións identificadas

como boas prácticas e baseadas na evidencia científica, dirixidas a promover hábitos de vida saudables, previr enfermidades e lesións, actuando de maneira integral sobre factores tales como a actividade física, a alimentación ou o benestar emocional, entre outros”, explica a alcaldesa, Carmela López. Os concellos deben ter un papel fundamental para implementar este tipo de estratexias de promoción da saúde, “co obxectivo de influír de maneira directa e positiva na vida as persoas e mellorar a súa calidade de vida”, engade a rexedora local.

A Oficina de turismo e o Barco-museo Reina del Carmen recibiron un diploma

Burela recibiu dous diplomas do Sistema Integral de Calidad Turística en Destinos, outorgados pola Secretaría de Estado de Turismo. Un dos diplomas foi obtido pola Oficina de Información Turística, e o outro, polo Barco-museo Reina del Carmen. “Para nós é importantísimo este recoñecemento ao bo traballo que estamos facendo neste ámbito en Burela”, indica o concelleiro de Turismo, Ramiro Fernández Rey. O concelleiro afirma que “os datos indican que cada ano temos máis visitantes en Burela, polo que felicitamos á que foi técnica de Turismo, Iria, e a Lino, o guía do barco-museo”. “Queremos adicarlle o recoñecemento recibido polo barco-museo moi especialmente á que foi madríña do barco, Gloria da Corneta,

que faleceu no día de onte”, sinalou Fernández Rey. “Este diploma vai por ela”, engadiu. No pasado ano 2023 o barco-museo superou as 5.000 visitas, o que supón “un récord histórico” segundo sinala o concelleiro de Turismo. “Seguiremos impulsando iniciativas para que cada vez Burela sexa máis atractiva turisticamente, e seguiremos na nosa liña de traballo, avalada polos datos”, concluíu Fernández Rey. A alcaldesa de Burela, Carmela López, valorou tamén o éxito acadado polo turismo local, sinalando que “distincións como esta axudan a visibilizar o potencial turístico do municipio, que supón unha fonte fundamental de actividade económica e crecemento para a súa veciñanza”.

O Concello aproba inicialmente a nova Ordenanza de terrazas

O Concello de Burela aprobou no Pleno a nova Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública. Esta moción foi aprobada cos votos a favor do BNG e do PSOE.

“Era necesario aprobala e para ter o mellor texto posible abrimos unha consulta veciñal e modificamos o primeiro borrador tras unha reunión co sector”, explica a alcaldesa, Carmela López, que garante que o obxectivo do concello “é axudar á hostalaría e compaxinar a súa actividade co benestar veciñal”.

O grupo de Goberno local impulsou o regulamento ante o incremento das terrazas e do espazo público empregado para as mesmas. “É unha boa sinal e o que queremos é establecer un equilibrio entre a actividade económica e o impacto que provoca”, engade a alcaldesa.

Para a redacción da normativa, houbo unha reunión co sector da hostalaría tras a que o concello “fixo modificacións do primeiro borrador atendendo as súas peticións”. Abriuse tamén unha consulta pública a través dun formulario para que todos os veciños e veciñas enviasen a súa opinión.



“O texto dinamiza, simplifica e facilita o uso de actividades económicas privadas na vía pública, compaxinándoo co resto das actividades e o respecto ao medio ambiente urbano. Todo iso, fixando procedementos e condicións técnicas claras e sinxelas, en aras do interese xeral e velando por garantir o respecto aos dereitos dos viandantes, os consumidores e a seguridade das instalacións”, remata Carmela López.

Na sesión tamén se aprobou, cos votos do BNG e PSOE, a desafectación do ben inmovible onde se sitúa a Fundación Eu Son, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.

BNG. O grupo municipal presentou no Pleno unha moción encamiñada a esixir da Xunta de Galicia que cumpra coas súas lexítimas competencias.

A concelleira de Servizos Sociais sinalou que “a lei obriga á Administración Xeral do Estado e ás Comunidades Autónomas a financiar integramente este servizo, e esta situación obríganos a consignar uns 600.000 euros nos orzamentos municipais”. Engaden que “temos outros servizos como Atención Temperá, a Unidade Asistencial de Drogodependencias ou as Escolas Infantís que representan tamén competencias impropias”.

O PP lamenta que “a Escola de Música estea parada”



O Grupo Popular lamenta a “pésima xestión que está facer o goberno bipartito” en relación á Escola Municipal de Música. Os populares amosan a súa preocupación porque “leva parada dende principios de ano” e dende o goberno bipartito “poñen como escusa que están pendentes dun proceso selectivo para a contratación de persoal”.

Os concelleiros do PP aclaran que “este proceso debería estar feito nas épocas de menor actividade da propia escola ou nas épocas nas que estivo parada, tal e como demandan os usuarios e usuarias”.

De feito, “moitos usuarios están buscando unha saída formativa ás carencias que atopan na Escola de Música de Burela noutros concellos da Mariña como poden ser o de Foz ou Viveiro. E gran parte deles xa manifestaron que non van volver á de Burela”.

Os populares comparten as queixas dos usuarios que “non entenden que a estas alturas do curso, cando se teñen pagado tódalas matrículas, se despida ao 70 % do profesorado” tendo en conta que “o proceso de selección de persoal se debería facer cando a escola non tivera actividade”.

‘Celebreixon’ de Roberto Vilar chega a Burela en marzo



Roberto Vilar celebra 30 anos na televisión presentando e achegando o seu humor ao público nunha sorprendente xira polos teatros galegos. Así, presentará o seu novo espectáculo Celebreixon o 9 de marzo na casa da cultura de Burela.

Promete ser un espectáculo cheo de risas e moitas sorpresas. O prezo de las entradas será desde 18 euros.

Roberto Vilar, nado en Xove, comezou a súa carreira televisiva fai xa trinta anos no programa ‘Café Café’ da Televisión de Galicia. Máis adiante chegaron ‘Supermartes’ e ‘Con Perdón’, no que coñece a Víctor Fábregas e crean o histórico dúo cómico Os Tonechos.

“Participamos con moitas corais e colectivos por toda a xeografía galega”

Toñita Baño é a presidenta da Coral Polifónica de Burela, unha das corais máis antigas da Mariña

Como nace a Coral Polifónica?

A Coral Polifónica de Burela constituíuse en 1987, e despois dun ano de moitos ensaios, debutamos no cine Mon de Burela o 21 de maio do 1988. Está integrada na Federación Coral Galega desde a súa fundación. Eu son a presidenta desde hai 22 anos, por unha parte xa me tarda o relevo, sobre todo pola idade.

Vostede é a presidenta da coral. De onde vén o seu amor pola música?

Desde moi cativa porque os meus pais eran moi cantareiros. Sobre todo a miña nai, tiña unha voz fermosa e facíao moi ben. De feito cando era unha rapaza e ían as festas e viñan as orquestras querían levala para unha delas.

En máis de 35 anos participaron en moitos eventos.

Si. Participamos con moitas corais e colectivos culturais e musicais por toda a xeografía galega e asturiana, e tamén en Cantabria e na comunidade veciña de Castela e León, Valladolid, en Villafranca do Bierzo, A Bañeza, Ponferrada, Afaber del Bierzo, Dueñas, Palencia, Cantabria, Torrelavega, etc... No ano 1992 actuamos no teatro Victoria Eugenia de San Sebastián con motivo do festival Galicia canta en Euskadi e en outubro de 2007 en Getxo.

Organizan moitos actos?

Dende a fundación destacan o festival de Letras Galegas en maio e o de Panxoliñas en decembro. Ademais organizamos tres concertos de zar-

zuelas en Burela, no ano 2006, 2022 e no 2023. Así mesmo, dende 2012 organizamos no mes de xullo o festival de Música del Mundo.

Fixeron algún acto especial polo aniversario?

Polo 20 aniversario, que foi en maio de 2008 fixemos un acto no que contamos coa presenza de todas as corais da Mariña, que son a Polifónica de Ribadeo, o Orfeón de Sociedade Burela e Mondoñedo, a Polifónica de Foz e a Polifónica Alborada de Viveiro. E logo, no 2013, no 25 aniversario, tivemos variados e abundantes actos. Como dato importante e que simboliza a culminación dos 25 anos de andadura musical, hai que destacar que o 14 de decembro do 2017 tivo lugar a presentación oficial do noso primeiro disco musical, editado con Clave Récord de Santiago de Compostela. Editamos 1.000 exemplares, e foi gravado na igrexa parroquial de San Román de Vilaestrofe de Cervo.

Quen se atopa á fronte?

Desde a súa fundación foi presidente Eduardo Gradeire, e despois foi substituído Marian Rodríguez, despois fun eu, Antonia Baño, despois foi presidenta Celsa Fernández, despois foi presidenta María Rosa Menéndez, e desde hai algún tempo sigo sendo eu.

Cantos membros ten?

Desde que retomamos a actividade trala pandemia estamos sobre 18 ou 22 persoas, pero fomos ata



45 nalgún momento. O que vén a dicir que necesitamos que se anime xente a vir probar, que ademais de cantar facemos saídas e pasámo-lo tempo.

Calquera pode formar parte?

Si, todo o mundo pode estar no noso grupo musical, de feito non fai falta ter unha voz moi excepcional, salvo para os solistas. E con que teñas oído e prestes atención paréceme que chega.

Quen dirixe a coral?

Ata outubro de 1989 estivo dirixida por Secundino Rodríguez, e despois foi relevado por Higinio Pérez. Despois desta data o seu director foi Delio Represas e compartiu tarefa co director de dirección, Felipe Sánchez, dende novembro de 2005 ata decembro de 2011. A partir desa data dirixiu a coral Felipe Sánchez ata xaneiro de 2018, mes en que se fai cargo da dirección da coral Iván Vale. Máis tarde e coa pandemia tivemos que parar durante 3 anos e retomamos a actividade en febreiro de 2023, sendo dirixida por Lucía Expósito. Na actualidade está Xacobe Pedre.

Contan cun novo director, Xacobe Pedre, como é traballar con el?

Pois polo momento de momen-

to ben. Levamos poucos ensaios pero foron moi bos. É un rapaz de aquí de Burela, moi traballador, e gústalle moito a música.

Teñen apoio institucional para as actividades?

Pois basicamente temos contribucións das entidades públicas como por exemplo do Concello e da Deputación. A Xunta tamén nos aporta un importante capital económico e dende que se fundou ata que deixamos pola pandemia a actividade pois facíamos unha cesta, pedíamos en todos os comercios de Burela, era unha cesta moi heteroxénea porque todos daban dos produtos que vendían ou que tiñan, desde alimentación ata xoiería. E a cesta da coral, e era moi coñecida en moitos sitios da Mariña. Non sei se volveremos a retomar esta cesta ou non, aínda que de todas formas algo haberá que buscar que nos financie a parte das achegas das administración que temos.

Que proxectos de futuro teñen pensados durante o ano 2024?

Os que temos en proxecto para este ano son as Letras Galegas, o festival de outono e o das Panxoliñas. Tamén temos unha invitación para ir a Cariño en xuño a un intercambio.

Seguen as reunións do Grupo de Participación Adolescente de Burela

Celebrouse unha nova reunión do Grupo de Participación Adolescente de Burela na casa da Xuventude. Nela a rapazada recibiu a visita de Begoña, monitora da Aula Gaia, que informou das actividades previstas para o entroido.

Tamén tiveron a visita de Rosa, da Unidade de Atención Temperá, que lles deu a coñecer o servizo e a continuación puideron seguir traballando nas actividades que teñen previstas a medio prazo.

O Grupo de Participación Adolescente reúnese os mércores de 19.00 a 21.00 horas dúas veces ó mes, polo que as seguintes reunións serán o 7 e o 21 de febreiro.

A Festa Castrexa 2024 de Burela será o 23 e 24 de xuño

A asociación Burela Castrexa informou de que este ano 2024 a Festa Castrexa celebrarase os días 23 e 24.

Así, como coincide exactamente coa noite do 23 de xuño, San Xoán, intentarán vincular esta festividade con esta data tan especial.

Como sempre contarán con actividades de todo tipo como xogos, queimada e verbena así como con postos de comida e durante estas xornadas os asistentes poderán gozar cos actos programados para a ocasión; unha reunión de clans, xogos castrexos e infantís, actuacións musicais e demais actividades programadas para a ocasión.



Vaise restaurar a talla do Cristo da Vera Cruz

Vaise restaurar a talla do Cristo da Vera Cruz gracias a unha actuación da Xunta da Galicia e a Confraría da Venerable Orde Terceira Franciscana de Viveiro a petición da Xunta de Confrarías da Semana Santa viveirense.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, anunciou que o Goberno galego financiará os traballos de restauración da peza, que forma parte dos pasos procesionais da Semana Santa desta localidade, declarada Festa de Interese Turístico Internacional.

A imaxe está emprazada na igrexa de San Francisco e figura entre as que acompañan o tradicional vía crucis das mulleres de Viveiro. Representa a Cristo crucificado e está realizada en madeira de castiñeiro policromada con pintura ao óleo. Atribúese ao século XV, aínda que non consta a datación exacta nin o autor.

En canto á intervención prevista, levarase a cabo unha limpeza a fondo, a mellora das condicións de conservación e a consolidación da peza. O proxecto fai fincapé na importancia de conxugar o criterio estético coa salvagarda do valor cultural e artístico da talla.

O Concello anunciou os premiados do Certame de Poesía Infantil Nadal 2023/24

O Concello de Viveiro anunciou aos premiados e premiadas do Certame de Poesía Infantil Nadal 2023/24. Os premios do mesmo serán entregados o sábado día 27 ás 13.00 horas na Biblioteca Municipal de Viveiro.

O gañador na categoría A, de ata 8 anos, foi Aleixo Mariño Gómez. As gañadoras na categoría B, de 9 a 11 anos, foron Mara López Fernández, Anne López Ferraz e Inés Mariño Gómez.

A concelleira de Cultura, Lara Fernández Fernández-Noriega, que foi unha das integrantes do xurado, quixo transmitir ás premiadas e ao premiado “todos os parabéns do mundo, co desexo de que continúen participando na vida cultural e nas actividades do noso Concello”.

“Dende o Concello queremos darlles as grazas a toda a rapazada que participou neste concurso, e a todos os centros educativos que tiveron a ben propoñer esta actividade”, sinalou a concelleira.

Os premiados e premiadas participarán a continuación no certame a nivel provincial organizado pola Biblioteca Municipal de Lugo.

Comezou a renovación de vias na zona de Granxas, en Covas



Comezaron os traballos de renovación de varios viarios na zona de Granxas, na parroquia de Covas. María Loureiro, alcaldesa de Viveiro, estivo hoxe xunto aos técnicos municipais supervisando a zona, nunha visita na que tamén estivo a tenente de alcaldesa, Míriam Bermúdez.

Con estas obras búscase resolver os problemas que estaba sufrindo a veciñanza, en particular polas inundacións que se producían na zona.

O orzamento ascende a 164.392,96 euros. A actuación inclúe a mellora da pavimentación nas zonas destinadas ao tráfico rodado, a reposición dos servizos da rede de saneamento coa implementación da pluviais e a dotación dunha nova rede de abastecemento de auga. Os traballos terán lugar en catro viarios moi concorridos dada a súa

proximidade á praia de Covas, nos que atópanse ademais tanto edificios de vivendas como establecementos comerciais.

Dada a súa antigüidade e o elevado tráfico rodado que soportan, os vias presentan un estado de conservación moi deteriorado no que se refire ao firme de rodadura.

Con respecto aos servizos urbanos, incluíndo a rede de saneamento, a rede separativa de pluviais e a rede de abastecemento de auga, debido tamén ao aumento de poboación na zona durante os últimos anos, estes tamén se atopan moi deteriorados, sendo necesarias continuas intervencións de reparación de roturas de tubaxes e atascos de colectores. Resulta necesaria unha rápida intervención de reposición dos devanditos servizos para garantir o seu bo servizo e funcionamento.

O PP pide reparar a rampla de pedra anexa á Misericordia

O Grupo Municipal do Partido Popular de Viveiro solicitará ao Concello, en primeiro lugar, a reparación da rampla de grandes perpiaños de pedra anexa á ponte da Misericordia e que, por mor das mareas e o paso do tempo, se foi deteriorando e constitúe un perigo para os rapaces e escolares que pasan a diario polas súas inmediacións para ir aos centros de ensinanza.

Asemade, reclaman o acondicionamento da rúa perpendicular a Cantarrana; unha vía que dá servizo a garaxes e cuxo estado é moi deficitario e supón unha incomodidade para os usuarios e particulares que non teñen outra alternativa para acceder aos seus inmobles e non dispoñen doutro espazo na contorna para estacionar os seus vehículos.

OUTROS. O Grupo Municipal tamén preguntará pola situación na que se atopa a Praza de Abastos. Concretamente, demandarán á alcaldesa que precise que previsións ten o Goberno local para poñer en valor estas



dependencias que están tendo un declive importante e, se por outra banda, contempla no documento orzamentario deste ano algunha partida concreta para tal fin.

A Biblioteca Pública de Viveiro rematou o 2023 con 165 novos usuarios



A Biblioteca Pública Municipal do Concello de Viveiro rematou o pasado ano 2023 con 165 usuarios e usuarias novas, 41 deles nenos e nenas, levando a cifra total a 2.316.

Ademais, 380 novos exemplares foron incorporados ao fondo da biblioteca, que conta xa con 19.825 elementos ademais dos 1.200 números de xornais e revistas. En total, ao longo do ano realizáronse 5.432 préstamos e 3.149 renovacións de ditos fondos, levando a cifra total a 8.581. A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro considera que o balance da actividade da biblioteca é “moi satisfactorio, pois demostra tanto o grande interese da cidadanía viveirense pola cultura como o apoio e a dinamización

da mesma levada a cabo polo Concello”.

Entre os libros máis prestados pola Biblioteca Pública Municipal o pasado ano atopamos a ‘La esperanza de Sofía’ de Corina Bommann, ‘El libro del sepulturero’ de Oliver Pötzsch e ‘Una tumba entre las rocas’ de Elly Griffiths. Ademais, no pasado 2023, a Biblioteca Pública viveirense organizou e albergou numerosas actividades culturais de diverso tipo, que foron dende celebracións de efemérides sinaladas, visitas ou exposicións ata espectáculos musicais ou entregas de premios. Esta biblioteca ten un horario de apertura de luns a venres de 8.30 a 15.00 e de 16.30 a 20.30, e os sábados de 10.00 a 14.00 horas.

Adrián Ben e á AD San Roque fixeron unha doazón



O atleta viveirense Adrián Ben e a asociación deportiva San Roque fixeron unha doazón de alimentos non perecedoiros e produtos de hixiene para as familias da vila que os necesiten.

O pasado 30 de decembro organizaron unha actividade deportiva e solidaria cos nenos e nenas

de Viveiro. Os participantes fixeron doazóns que agora repartirá Servizos Sociais entre as familias máis necesitadas do concello. Lucía Míguez, traballadora social e directora adxunta de Servizos Sociais, recolleu os alimentos e os produtos de hixiene da man de dous representantes da asociación deportiva San Roque.

O Pastor Díaz conta cunha ampla programación cultural ata maio

O Concello de Viveiro presenta a programación cultural do Teatro Pastor Díaz ata o mes de maio, con espectáculos con opcións para público adulto, adolescente e infantil.

“Un ano máis, a nosa prioridade como goberno local é propoñer á cidadanía unha oferta cultural de calidade para todas as idades”, subliña María Loureiro, alcaldesa de Viveiro. “Unha boa escolla e de alto nivel, a prezos moi razoables e apostando pola cultura feita no noso país nun espazo único como o Teatro Pastor Díaz”, subliña Lara Fernández Fernández-Noriega, concelleira de Cultura.

A primeira función deste programa será o sábado 17 de febreiro con



‘Asamblea Xeral’, de Sarabela Teatro para público infantil de 7 a 11 anos, mentres que o 24 de febreiro chegará a Viveiro ‘Unha inimiga do pobo’, de Talía Teatro e para adultos. As entradas poden adquirirse de luns

a xoves no teléfono 982 560 162 en horario de 9.00 a 14.00 ou no enderezo electrónico rbg.cultura@viveiro.es. Tamén será posible adquirir as entradas unha hora antes das funcións no propio teatro.

A praza de abastos será avaliada para optar a axudas para a súa reforma

Durante os próximos días, a praza de abastos de Viveiro será avaliada de cara a solicitar as axudas para a súa reforma integral.

“A día de hoxe a praza é garantía de produtos de calidade e proximidade, se ben certo que non existe a variedade de postos que nos gustaría. Escoitamos as demandas dos e das praceiras e acometemos o mantemento e limpeza do día a día, pero precisamos dun proxecto revitalizador, que garanta o seu futuro. Viveiro merece dun mercado de abastos máis acolledor, que convide a entrar, que conte con diversidade nos produtos. A praza precisa dun reinicio, e o momento para facelo é agora” afirma a concelleira nacionalista, Iria Cotelo.

A concelleira iniciou os trámites para realizar os proxectos de cara á próxi-



ma convocatoria da subvención destinada a obter o selo de Mercados Excelentes “Partimos de cero, é un proxecto ambicioso, pero necesario”. Dar este paso implica maior tardanza na ocupación dos postos desertos, “é preferible redistribuír e reformar os postos antes de adxudicalos, que

ofertalos nas condicións en que se atopan”. Cotelo pide paciencia e confianza ás persoas praceiras, pois “trátase dun traballo que non vai ter uns resultados inmediatos, mais teremos unha praza de abastos á altura do concello de Viveiro”.

Por Viveiro pide unha solución para o parque de bombeiros

Por Viveiro vén de trasladar unha proposta para a súa aprobación no vindeiro Pleno municipal na que insta á Xunta de Galicia e Deputación de Lugo, “administracións responsables do Consorcio Provincial de Lugo, a unha rápida solución da problemática actual do parque de bombeiros de Viveiro para evitar que se repitan as causas que poidan obrigar a novos días de peche”.

A día de hoxe o parque, ademais de “certos problemas de mantemento e conservación, arrastra un longo período de confliti-

vidade laboral, debido a unha errática política salarial”. Segundo os protocolos de funcionamento o persoal mínimo para mantelo aberto é de 3 persoas por cada quenda de 24 horas. “No ano 2023 o parque de bombeiros de Viveiro estivo pechado por falta de persoal mais de 10 días, si acontece unha emerxencia un día no que o parque está pechado, hai que derivar a chamada a un dos parques próximos (Barreiros ou Vilalba) o que incrementa notablemente o tempo de resposta”, remata dicindo.

O Concello lembra a obriga de manter limpas as parcelas

A tenente de alcaldesa, Míriam Bermúdez, lembra ás persoas titulares de parcelas e terreos a súa obriga de mantelas limpas co obxectivo de “prever os incendios forestais no municipio”. O prazo fixado pola Xunta de Galicia para cumprir con este deber finalizará o vindeiro día 31 de maio de 2024. Deberán limparse as parcelas afectadas, tanto de maleza como de árbores consideradas pirrófitas. Transcorrido dito prazo o Concello poderá proceder á execución subsidiaria con repercusión dos custos ao responsable, así como ao comiso da madeira resultante da tala das especies arbóreas prohibidas.

Rematan as obras de saneamento de Celeiro



Remataron as obras do saneamento de Celeiro, completando con elas a optimización do sistema de tratamento de augas na ría de Viveiro. O núcleo de Celeiro tiña unha rede de saneamento municipal unitaria na que se mesturaban as augas residuais domésticas coas industriais e as pluviais e eran vertidas á ría sen pasar pola depuradora, recibindo só un pretratamento.

Para incorporar as augas residuais de Celeiro ao tratamento completo na depuradora, construíronse un conxunto de infraestruturas para recoller as augas residuais de Ce-

leiro e xestionalas axeitadamente ata conducilas á depuradora para o seu tratamento. En concreto, executouse a mellora do bombeo do Rego, cun novo desbaste previo; e un novo depósito de retención e nova impulsión de Celeiro ata a depuradora de Viveiro.

Ademais, construíuse unha nova conducción de vertido submarina da depuradora, con 850 metros de lonxitude. Estas obras complementan as actuacións xa executadas de mellora e ampliación da depuradora, que permitiron optimizar a planta e incrementar nun 50% a súa capacidade.

O sistema de recollida de lixo ‘Quita e Pon’ está situado en 16 localizacións do casco histórico

O Concello de Viveiro destaca os beneficios do sistema ‘Quita e Pon’ de recollida de lixo no casco histórico da vila, posto en marcha en decembro.

“Coa posta en marcha deste servizo eliminamos os colectores na vía pública no ámbito do casco histórico, que provocan frecuentes problemas de sucidade e cheiros, substi-

tuíndoos por un servizo de retirada e colocación diaria de colectores”, lembra Míriam Bermúdez, tenente de alcaldesa e responsable de Medio Ambiente, que mantivo un encontro de coordinación do servizo con Antonia Prieto, técnica municipal de medio ambiente, e Bruno Castiñeiras, responsable da empresa concesionaria FCC.



O Concello propón un convenio para as actividades no centro de día e nas parroquias



Ribadeo propúxolle á Dirección Xeral de Maiores a firma dun convenio de colaboración para a realización de actividades no centro de día e nas parroquias. O alcalde, Dani Vega, declarou: “nos entendemos que a colaboración entre o Concello e a Xunta, e falo concretando no centro sociocomunitario, debe haber un traballo conxunto para nutrir de actividade esta instalación tan importante para Ribadeo”. Vega explicou que “nos propuxemos realizar actividades, por iso ese convenio de colaboración, que nos virá tamén moi ben para seguir promovendo accións nas

parroquias, como é o caso de Preto de Ti. Actividades en cada parroquia e tamén colectivas xuntando ás persoas e aí facer cousas conxuntas. Cada vez máis debemos xuntarnos, debemos facer actividades en unión con todas as parroquias e creo que estamos nese camiño acertado e tan importante”. Dani Vega engadiu: “a nos parecen moi importante que a Dirección Xeral de Maiores invista en Ribadeo e sigamos nese camiño, que é o que realmente importa para Ribadeo: xestionar e traballar cun interese único, que é Ribadeo”.

Ribadeo recibirá 4,5 millóns de euros para actuar no casco histórico

Ribadeo recibirá 4,5 millóns de euros en catro anualidades para actuar no casco histórico. Será a través do Plan Rexurbe. O alcalde, Dani Vega, subliña que deste xeito se da un paso definitivo para actuar en toda esa zona. Ata Ribadeo se desprazou a vicepresidenta segunda da Xunta e conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez.

Vega subliñou que “apróbese o plan de dinamización do conxunto do casco histórico, hoxe día 30, e a conselleira está aquí en Ribadeo anunciando este traballo importantísimo despois de moito tempo e que non é éxito solo deste goberno senón dos gobernos pasados. Hai un traballo cun criterio e cun entendemento. Xa na pasada lexislatura o pleno municipal poñíase constantemente de acordo para dar pasos importantes no conxunto do casco histórico e nestes momentos seguimos traballando entre todos, que é o que verdadeiramente importa”. O alcalde indicou que “o 13,95 % da poboación de Ribadeo vive no casco histórico, concretamente 1.404 persoas; e o 23,31 % dese conxunto de persoas superan os 65 anos.



Debemos traballar nunha liña de dinamismo do conxunto do casco histórico”.

Dani Vega dixo que “necesitamos orzamento. 4,5 millóns de euros en catro anualidades. Isto é o que significa o Plan Rexurbe, un entendemento entre administracións, orzamento para investir e así mellorar os edificios públicos e a colaboración pública á hora de subvencións para casas privadas. Debemos traballar tamén na liña de conservar prazas, rúas, espazos públicos... todo é un conxunto de inversións

e de melloras e tamén de vivenda para a mocidade para que tamén se despracen ao conxunto do casco histórico e vexa atractivo investir en Ribadeo. Niso estamos.”.

Daniel Vega e Ángeles Vázquez analizaron outros asuntos de interese para Ribadeo: “tamén abordamos coa conselleira o cambio do Campo de San Francisco, necesita unha mellora significativa e precisamos tamén inversión. E tamén falamos do aparcadoiro en Santalla de Vilaousende. 70.000 euros para esta contorna”.

Apaga inicia un proxecto sobre hidróxeno verde aplicado a vehículos

A Asociación de Profesores de Automoción de Galicia inicia un proxecto europeo sobre hidróxeno verde aplicado principalmente a vehículos con outros tres socios de Turquía, Italia e Portugal. A primeira xuntanza de traballo terá lugar en Lisboa. O presidente de Apaga, Álvaro Doural, contou que “imos traballar con 4 socios: un de Turquía; outro de Italia, concretamente da zona de Maranello, onde está a cidade Ferrari; outro centro de Lisboa; e un máis de Croacia. Algúns deles xa participaron con nós noutros proxectos e incorpórase o centro italiano da zona onde está asentada a fábrica de Ferrari”. Apaga inicia tamén estas semanas as accións de mobilidade de profesorado e de alumnado: “aparte diso estamos a iniciar neste mes a programación de todas as accións de mobilidade de Apaga neste 2024, que van ser para alumnado e profesorado dos centros que están no consorcio con nós e tamén para profesores socios de Apaga”.

O Centro Pedro Murias e o Concello organizan diversos talleres en febreiro e abril



O Centro de Formación e Experimentación Agraria Pedro Murias e o Concello de Ribadeo organizan talleres de poda e enxertía de froiteiras e de reprodución de vexetativa de plantas ornamentais Os de poda e enxertía terán lugar en febreiro e o de plantas ornamentais en abril.

Os talleres de poda e froiteiras serán o 19 de febreiro en dúas quendas, unha pola mañá e outra tarde: de 9 a 14 horas e de 16.00 a 20.00 horas. Os talleres de enxertía de froiteiras terán lugar o 27 de febreiro, tamén en dúas quendas, mañá e tarde e os mesmos horarios. E o

de reprodución vexetativa de plantas ornamentais está previsto para o 2 de abril nunha soa quenda de 9 a 14 horas.

O director do Pedro Murias, Manuel Valín, adiantou que “temos en carteira para o segundo trimestre unha actividade coa que pretendemos que xurda, se é posible, unha pequena cooperativa ou alguén que se faga autónomo e se poida dedicar ao tema das plantas ornamentais. É dentro da formación continua, non vai ser un obradoiro senón unha boa cantidade de horas de formación sobre plantas ornamentais”.

O BNG critica as rodeiras do campo de fútbol de Outeiro

O BNG de Ribadeo vén de criticar o estado no que se atopan os campos de fútbol municipais, en concreto o campo de Outeiro. Segundo os nacionalistas “é lamentable, é a enésima chapuza deste desgoberno municipal”.

“Os bens municipais abandonados a súa sorte, o que é de todos os veciños e veciñas”, din, “parece que o Goberno do PP ten outras prioridades de gasto”, engaden.



PP. O equipo de Goberno considera que o BNG “debe pedir desculpas aos ribadenses pola chapuza feita coa pista multi-deporte”. O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, sinalou que “nós atopámonos cun sistema eléctrico que, antes de que a obra fose entregada ao Concello, xa presentaba deficiencias; a pintura da pista xa case tiña desaparecido; e as canastras non estaban colocadas de xeito correcto co perigo que iso supoñía para as usuarias e usuarios”.

O edil ribadense dixo que “desde o equipo de goberno vímonos

na obriga de ter que solucionar toda esta problemática pola vía administrativa e tentaremos que todo estea listo o máis rápido posible”.

Para Silvent “o BNG debería estar máis caladiño e arrimar a ombreira nunha obra que eles deixaron en mal estado. A inversión foi moi grande e deixaron todo abandonado”.

E engadiu que “queremos contar coa opinión dos xoves que practican skate para coñecer a súa opinión e ver os mellores usos que se lle poden dar a esa pista multideporte, algo que consideramos que debería terse feito desde o principio”.

Ribadeo a contrapunto é a nova marca turística do Concello

Ribadeo a contrapunto é a nova marca turística do Concello “que reflexa un Ribadeo con carácter propio marcado pola súa historia, tradición, cultura e xeografía. Unha forma diferente de coñecer Galicia, rompendo estereotipos e dando outra visión do que pode ser a nosa terra, pois Ribadeo baila con ritmo propio”, dixo a xornalista Sonsoles Ónega quen foi a encargada de presentar a marca.

A imaxe que reflicte Ribadeo, a contrapunto é un metrónomo, un aparato que empregan os músicos para medir os tempos das súas composicións: “Ribadeo ten o seu ritmo propio, dinámico e constante. E niso queremos incidir”.

Vega indicou que “con esta nova campaña de comunicación, mostraremos que esta singularidade que nos caracteriza non é froito do azar, o noso territorio presenta grandes contrastes, infinidade de espazos, dende unha costa



monumental ata unha ría de augas mansas, dende vales de interior ata os horizontes abertos da rasa, dende as aldeas tradicionais, ata a sofisticación cosmopolita das casas indianas. Mar e montaña, tradición e modernidade móstranse en harmonía nun destino vivo enriquecido pola súa oferta gastronómica, comercial e cultural, ben preparado para recibir visitantes”.

E engadiu: “somos conscientes de que debemos seguir traballando e avanzando como espa-

zo turístico innovador, accesible para todas e todos, consolidado sobre unha infraestrutura tecnolóxica de vangarda que garanta o desenvolvemento sostible do territorio, que facilite a interacción e integración do visitante coa contorna e incrementa a calidade da súa experiencia; e á súa vez, aumente a calidade de vida dos e das residentes”. O rexedor agradeceu o traballo realizado para a promoción turística por parte de todos os alcaldes e os gobernos municipais anteriores.

O alcalde anima a solicitar as subvencións para as rehabilitacións

O alcalde, Dani Vega, anima aos propietarios de vivendas sitas nos Aris de Ribadeo e de Rinlo a solicitar subvencións para a súa rehabilitación. A partida destinada a este fin achégase aos 100.000 euros.

Vega explicou que “o prazo de solicitude xa está aberto e remata para xustificar toda a obra o 30 de abril de 2025. Hai un tempo considerable e importante para facer os traballos”.

O rexedor contou que “hai que cumprir varios criterios como pode ser mellorar as condicións de habitabilidade e accesibilidade das vivendas, tamén unha presenza significativa da unidade de acción no espazo público, por razón socioeconómica así como medidas de aforro enerxético”.

O alcalde ribadense cre que “son medidas que se poden cumprir perfectamente. Nós desde o Concello estamos a disposición todos os días da semana para asesorar e para informar na unidade técnica do Ari. Entre todos imos seguir avanzando e apostando polo casco histórico de Ribadeo, algo moi importante que se fixo nestes anos e non hai que tiralo por terra, hai que seguir trazando unha estratexia clara”.

O prazo de solicitude destas axudas está aberto ata o vindeiro 18 de febreiro.

Modepen conclúe a súa enquisa sobre a localización do novo centro de saúde

O colectivo de pensionistas da Mariña de Modepen, Movemento de Pensionistas de Galicia, estivo facendo unha enquisa entre os usuarios do centro de saúde de Ribadeo para avaliar a localización do futuro Centro de Saúde.

O cuestionario, que ó final foi contestado por 162 persoas que acudiron ao centro de saúde entre mércores 10 de xaneiro, xoves 11 e venres 12, foi deseñado para recoller datos sobre diversas características dos asistentes. Entre elas figuraban a idade, sexo, departamento sanitario de asistencia, procedencia da vila ou do rural e, sobre todo, medio polo que se achegaban ás instalacións.

A recollida de datos fíxose en dous días con asistencia a analíticas, mércores, día no que hai mercado en Ribadeo; e venres, e un sen ela, xoves. “Nos dous primeiros recolleuse algo menos de un terzo do total cada día, e no último, algo máis. Polo demais, non houbo incidencias particulares, aínda que se recolleu tamén algún detalle extra en enquisas e momentos concretos, para o seu análise particular”, din desde Modepen.

O seu deseño foi realizado para poder contrastar as afirmacións mantidas por cada parte na xun-

tanza que se tivo en decembro entre o alcalde e unha representación de Modepen. Os resultados reflicten que un 76 % de xente acode a pé fronte a só o 24 % de xente que se achega en coche e que a porcentaxe de asistencia de xente que reside na vila e no rural é dun 80 % para residentes na vila fronte a un 20 % de residentes no rural.

Asemade, dende Modepen conclúen que “a xente que se despraza a pé veríase en xeral negativamente afectada pola localización que se pretende do centro de saúde nas aforas da vila, dificultando o desprazamento a pé, mentres que á xente do rural seríalle indiferente”.

“Non se aprecian para os usuarios vantaxes da construción dun novo centro de saúde fronte á estación de servizo á entrada de Ribadeo, en contraposición a unha ampliación do centro en funcionamento ou o uso dun lugar non moi afastado do actual para a construción dun novo”, engaden, “todo dito, sen contar con que necesita unha variación do PXOM ou un orzamento adecuado, e sen que á súa vez, ambas cousas interfiran na dotación de persoal do centro, minguada dende hai tempo”.

O Concello pide ao Goberno o acendido das rotondas da Vilavella e de Piñeira

Ribadeo demándalle ao Goberno central o acendido das rotondas da Vilavella e de Piñeira, a baixada dos prezos do solo do polígono industrial e o segundo acceso desde A-8, entre outras cuestións.

O alcalde explicou que “tamén lle trasladamos á subdelegada do Goberno varias cuestións que entendemos que son importantes para Ribadeo. Deixando a parte a xunta local de seguridade, tamén reclamamos que faga chegar as nosas peticións ao Goberno central. O segundo acceso da A-8 a Ribadeo é importantísimo, levámolo reclamando por activa e por pasiva e parece que o Goberno non escoita. Estamos pendentes dunha resposta do ministro de Fomento ao que lle fixemos chegar esta reivindicación por escrito ao igual que tamén lle trasladamos a necesidade dese acceso á variante desde a estrada de Vilela e así eliminar todo ese tráfico pesado dos Ga-

ritos”. Daniel Vega subliñou que “tamén cremos moi importante que se baixe dunha vez por todas, e aquí hai que falar moito menos e facer moito máis, o prezo do solo do polígono industrial. Tivemos unha primeira conversa co director xeral, pareceunos que vai haber boa sintonía”.

O alcalde cre que “o Goberno ten que dar unha resposta moi importante ás entradas a Ribadeo. Non podemos seguir con esas dúas rotondas de entrada a Ribadeo apagadas. Parécenos unha falta de respecto, unha inxustiza e desde logo nós xa o dicimos alto e claro se non as acende o Goberno o Concello tramitará todos os permisos e traballará para poder facerse cargo desa luz e iluminar as dúas rotondas, da Vilavella e de Piñeira-Vilar”.

O rexedor considera que “son reivindicacións moi importantes e serías polas que levamos moito tempo agardando. Non podemos seguir nesa liña de desleixo”.

Aberta a inscrición para Viaxar en Igualdade dende Ribadeo

No CIM está aberta a inscrición para Viaxar en Igualdade o vindeiro 8 de marzo ao Balneario Termas de Cuntis. A actividade foi presentada pola concelleira de Igualdade, Begoña Sanjurjo.

A edil ribadense contou que “a Concellería de Benestar Social e a Concellería de Igualdade axuntamos esforzos para ofrecer a experiencia Viaxar en Igualdade, unha visita ás termas

de Cuntis. Incluirá almorzo, entrada ao balneario, charla informativa sobre os beneficios dos balnearios e comida. Será o 8 de marzo e saírase da estación de autobuses ás 7 menos cuarto da mañá”.

Sanjurjo subliñou que “para apuntarse hai que chamar ao 982 120 808 ou dirixirse ao CIM, no auditorio, antes do 5 de marzo, xa que as prazas son limitadas”.

mybike Lugo

OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA

CONSULTANOS SIN COMPROMISO

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.mybike.es

mondoñedo

O escritor Ramón Loureiro Calvo será o pregoeiro da Semana Santa 2024



O escritor Ramón Loureiro Calvo será o pregoeiro da Semana Santa de Mondoñedo 2024 e pronunciará o seu discurso o sábado 23 de marzo na Catedral. Loureiro Calvo foi gañador do premio Julio Camba de Xornalismo.

No ano 2001 recibiu da Universidades do Minho o Premio Caminhos da Memória polo seu ensaio fotográfico 'A escura terra de Escandoi', no que se reflicte, a través de imaxes en branco e negro, o seu particular universo literario.

O CIM organiza concursos de debuxo e de relatos curtos para o Día da Muller

O Centro de Información ás Mulleres de Mondoñedo organiza concursos de debuxo e de relatos curtos con motivo do 8 de marzo, Día da Muller. Os traballos poden presentarse ata o día 1 de marzo. O CIM mindoniense anuncia: "xa temos o 8M ás portas e, como cada ano, queremos convidar ao alumnado dos centros de primaria e secundaria de Mondoñedo, Abadín, Lourenzán, A Pastoriza e

Riotorto a participar no concurso Debuxando en Igualdade. Ademais, este ano temos unha novidade: o concurso de relatos curtos "Letras para a Igualdade". As bases poden consultarse tanto nos centros educativos como nas oficinas e nas redes sociais do CIM. Esta actividade está financiada con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero".

A Xunta e o Concello avanza na mellora de infraestruturas nas zonas rurais

O conselleiro do Medio Rural, José González, xunto ao director xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, reuniuse co alcalde de Mondoñedo, Manuel Otero, que estivo acompañado polo concelleiro José Otero. Na xuntanza abordáronse temas de especial interese para o futuro de Mondoñedo, coma seguir mellorando as infraestruturas rurais. En concreto avanzouse, a demanda do rexedor, no futuro arranxo de varias pistas en distintas parroquias do concello co obxectivo de facilitar a mobilidade dos veciños e a conectividade do propio municipio, iniciativas enmarcadas no compromiso da

Xunta de Galicia coa vertebración do territorio e a mellora da capacidade organizativa das áreas rurais. No encontro tamén se avaliaron outros asuntos incluídos na cooperación institucional existente entre o goberno autonómico e o Concello, en cuestións fundamentais como é a prevención dos incendios forestais. Un eixo prioritario de actuación, coincidiron, e que contará con novas infraestruturas coma a nova Base Integrada de Unidades Operativas (BUO) de Mondoñedo, cun investimento de case 480.000 euros por parte da Xunta e que estará operativa no primeiro trimestre de 2024.

barreiros

A festa do San Rosendo de Barreiros será o 2 e 3 de marzo

A comisión de festas San Rosendo, do Concello de Barreiros, organiza para o vindeiro 2 e 3 de marzo a súa festa homónima e que será na praza da Igrexa en San Miguel.

A xornada dará comezo xa o venres coa degustación gratuíta de poldro de cabalo PRG 100 % raza autóctona nos bares Cuplé, Vendaal, Rimar, Dulcería e Bodeguilla.

Xa o sábado 2 haberá actuación da sección infantil do Arco da Vella e música coa orquestra Solara e Gran Parada.

O domingo 5 será a feira de artesanía e gando xunto co concurso e a carreira de Pura Raza Galega e tamén haberá música a cargo de Faíscas da Pontraga



e xogos ecuestres. Así como billarda e o 2º Trofeo de fútbol San Rosendo.

Para participar na feira haberá

que inscribirse en san.rosendo.smr@gmail.com ou chamando a 628 739 224, 650 931 451 ou 651 347 286.

O Concello fixo entrega dunha doazón solidaria á Asociación Saúde Mental A Mariña



A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, fixo entrega dos 474 euros recadados polo Concello durante a celebración da Carreira e Andaina Solidaria de Reis que tivo lugar o pasado 7 de xaneiro en San Cosme de Barreiros á Asociación Saúde Mental A Mariña.

"Queremos agradecer a humanidade e a inestimable labor que a Asociación Saúde Mental A Mariña está brindando ás persoas con enfermidade mental persistente para lograr a súa rehabilitación, así como ás súas familias. Facemos con moito gusto, a entrega do aporte solidario recadado durante a andaina e a carreira Solidaria de Reis que organizamos desde o Concello de Barreiros.", sinalou Ana Ermida durante a entrega

do cheque á Asociación Saúde mental a Mariña.

Ermida apunta tamén que, "Levamos varios anos colaborando de maneira estreita con esta asociación en varios proxectos e, nesta mañá, aparte de recibir a doazón, a asociación Saúde Mental A Mariña presentounos o proxecto de Mentalización e Sensibilización en Saúde Mental co que, dende o Concello de Barreiros colaboraremos".

A alcaldesa agradece a boa acollida que están a ter estes eventos solidarios. "Quero dar as grazas ás preto de 300 persoas que se sumaron o pasado 7 de xaneiro no evento solidario e se achegaron a Barreiros para practicar deporte e apoiar unha boa causa."

A construción e o estudo do parque eólico Barreiros III xa está en información pública

Publicouse no DOG o acordo polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción e o estudo de impacto ambiental do proxecto de execución do parque eólico Barreiros III (expediente IN408A 2020/079). A empresa promotora é WPD Tecnorenova, S.L.U. e pretende desenvolver un proxecto eólico de 49,5 MW na área denominada O Mondigo e Penalonga.

O parque incluíría a instalación de 11 aeroxeradores de 4,5 MW de 110 m. de altura da buxa e 155 metros de diámetro de rotor así como unha subestación e as pertinentes liñas de evacuación.

A información faise pública para coñecemento xeral e para que todas aquelas persoas, naturais ou xurídicas, que se consideren afectadas nos seus dereitos ou intereses poidan examinar a documentación técnica relacionada e, de ser o caso, presentar as alegacións ou observacións que consideren oportunas dentro do prazo que remata o 22 de febreiro. A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias do Multiusos da Xunta con cita previa no correo electrónico enerxia.lugo@xunta.gal ou no teléfono 982 889 439), así como nos concellos de Barreiros e Ribadeo. Ademais, tamén se poderá consultar no portal web da Consellería de Economía, Industria e Innovación.

ELECCIÓN Á XUNTA

Galicia elixe o seu Goberno

O 18 de febreiro serán os comicios nos que se escolle ao presidente galego, que de cambiar sería o oitavo

En Galicia
celebráronse xa
once eleccións á
Xunta desde o
ano 1981

O 18 de febreiro haberá eleccións en Galicia para escoller aos representantes no Parlamento e con elas ao próximo presidente da Xunta, que podería ser o oitavo logo de once convocatorias.

Alfonso Rueda anunciou días antes do Nadal, ao finalizar o Consello de Goberno, a cita electoral. Esta declaración chegou nun momento no que o entón presidente da Xunta recibía presións por parte dos dous partidos maioritarios na oposición, especialmente polo PSOE. Ademais, este adiamento coincide tamén co debate pola aprobación da lei da amnistía. A data coincide tamén coa celebración do Entroido, unha das festas máis destacadas en Galicia, en especial nalgúns zonas como Ourense. Mentres a data parecía que traería queixas por parte dos partidos, ao final, este adiamento foi do gusto de todos os partidos. Para Galicia serán as duodécimas



eleccións logo do paso de oito presidentes, seis do PP e dous do PSOE. Actualmente o arco parlamentar está formado por 42 representantes do PP, 19 do BNG e 14 do PSOE.

Son varias as particularidades destas eleccións, nas que por primeira vez desde 2009 o candidato do Partido Popular non é Alberto Núñez Feijoo, que deixou a presidencia da Xunta o ano pasado para encabezar a lista do PP ás eleccións xerais. O galego obtivo un gran apoio das urnas pero contrariamente á predición das enquisas, non logrou a maioría absoluta que esperaba contando co apoio de VOX. Xa antes, nas

municipais, os populares tiñan gañado terreo, que logo non chegou a materializarse nas xerais. Alfonso Rueda lidera o partido tras un ano como presidente.

Para o PSOE estas tamén son unhas eleccións diferentes. Por primeira vez preséntase para liderar o partido un lugués, José Ramón Gómez Besteiro, que despois de varios anos fóra da política regresou pola porta grande volvendo ao panorama como delegado do Goberno en Galicia. Poucos meses despois deixou o cargo para presentarse ás eleccións xerais como deputado por Madrid e ser peza fundamental na negociación de Sánchez para formar goberno.

Foi nomeado candidato á Xunta sen oposición.

Para Ana Pontón o reto está aí. Como a segunda forza máis votada nos anteriores comicios, ten ante ela o obxectivo de derrotar a Alfonso Rueda por unha banda e impedir que o PSOE lle arrebatase escanos para manterse por riba, polo que, en caso de ter posibilidade de pactar poda ser a primeira muller presidenta en Galicia. Con todo moi apertado dúas forzas poderían cambiar a balanza, Sumar e Democracia Ourenzana, que restarían votos aos partidos maioritarios e que poderían cambiar o curso dunhas eleccións nas que nada está decidido.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!
OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

PARTIDO POPULAR

Elena Candia, dúas décadas de logros políticos como aval para apoiar a Rueda

Elena Candia, nada no 1978 en Mondoñedo, na parroquia do Carme, licenciouse en Dereito na Universidade da Coruña e iniciou o seu doutoramento no estudo de entes locais. A súa experiencia profesional está vinculada co mundo das aseguradoras, xa que foi responsable dunha oficina de seguros no seu Mondoñedo natal.

Leva máis de dúas décadas vinculada ao mundo da política. Deu os seus primeiros pasos no ámbito local como concelleira do seu municipio no 2003 tras formar parte da lista liderada por Luis Rego e coa que lograron unha ampla maioría. Catro anos despois presentouse como cabeza de lista pero os resultados foron outros para o partido, pois dos sete edís que acadaron nos anteriores comicios, só mantiveron catro. Foi voceira do Grupo Provincial do PP na Deputación de Lugo dende finais do 2011 e fíxose coa presidencia desta institución dende xullo ata outubro do 2015. A toma de posesión foi para ela toda “unha sorpresa”, tras o empate a 12 votos co socialista Darío Campos, e asumiu o rol coa firme aposta polo “progreso e o desenvolvemento económico da provincia”.

No 2015 conseguiu recuperar a alcaldía de Mondoñedo grazas a unha maioría que ampliou nas eleccións do 2019. En marzo do ano seguinte renunciou ao bastón de mando para encabezar a lista das autonómicas e foi substituída por Manuel Otero, pero mantívose na corporación. Dende o 2016 ocupa a Presidencia Provincial do PP de Lugo tras unha clara vitoria sobre Raquel Arias e en maio do 2022 tomou a Vicepresidencia primeira do Parlamento tras a renuncia de Diego Calvo. Neste

mesmo ano foi proposta pola xunta directiva local, co apoio unánime de todos os afiliados, como candidata dos populares á alcaldía de Lugo, labor que recoñeceu asumir “con humildade, porque todo o que son débollo ao PP de Lugo”.

Un plan para o retorno de lucenses para traballar na cidade e outro para o coidado de nenos de familias monoparentais formaban parte das máis de 140 medidas “consensuadas cos lucenses” e presentadas no seu programa electoral para facerse co consistorio nos comicios municipais do 12 de maio. Tras a cita coas urnas, os populares lograron os segundos mellores resultados da súa historia dende que perderon a maioría absoluta no 1999, acadando o 43,57 % dos votos e 12 escanos. Deste xeito, quedáronse a un escano de lograr a maioría absoluta, polo que Lara Méndez puido reter a

“Queremos colaborar e afastarnos de calquera confrontación”

alcaldía revalidando o bipartito co BNG, bipartito que tamén conseguiu manter a Deputación. Dende a oposición, a voceira popular e responsable da área de economía destacou que a súa folla de ruta sería o seu programa electoral. “Queremos cooperar e apartarnos de calquera tipo de confrontación”. Entre as últimas propostas do seu equipo atópase desenvolver unha Concellería de Maiores, crear unha mesa de traballo para a praia fluvial ou que o Goberno local lidere un



plan de permutas agrícolas nas parroquias con maior presenza do sector primario.

A tamén membro da Comisión de Igualdade da Federación Española de Municipios e Provincias e número un da lista popular por Lugo ao Parlamento declárase defensora da “política realista, a de tomar as medidas que os galegos precisamos e merecemos, a de cumprir a palabra, a de atender ás persoas e a de apoiar o desenvolvemento da provincia; non a de prometer antes das eleccións e cambiar de opinión despois”, así o asegurou nunha xuntanza co presidente do PPdeG, Alfonso Rueda. A mindoniense aposta por “facer unha campaña contando a verdade á xente”, que “xa sabe o que aportou o besteirismo e o nacionalismo á nosa provincia” e que “non sería positivo que se trasladase a Galicia”. Ao contrario do PSOE e do BNG que “presumen constantemente do que carecen”, Candia asegura que o seu partido xa “ten demostrado traballar dende a seriedade e pegado ao territorio”.

CANDIDATOS

1. María Elena Candia López
2. Javier Arias Fouz
3. Alfonso Villares Bermúdez
4. Cristina Sanz Arias
5. José Manuel Mato Díaz
6. Raquel Arias Rodríguez
7. José Manuel Balseiro Orol
8. Enrique Barreiro Sánchez
9. María Encarnación Amigo Díaz
10. Nicole Grueira Fernández
11. Katherinie Varela Fernández
12. José Luís Novo Teijeiro
13. María Alicia López Rodríguez
14. Pablo Figueiras Reguera

Suplentes

1. Aurora Aida Goas Castro
2. José Fernández Carrete
3. Miguel Ángel Fernández González
4. Saray Ventura Fernández
5. Verónica Soto Piñeira



PARTIDO S

Xosé Ramón Gómez Besteiro, o candidato lugués que opta á presidencia da Xunta

Xosé Ramón Gómez Besteiro non só liderará a cabeza de lista do PSdeG-PSOE nos comicios autonómicos á Presidencia da Xunta do vindeiro 18 de febreiro, tamén será o candidato pola provincia de Lugo, acompañado pola exalcaldesa da capital lucense, Lara Méndez, seguida da ex alcaldesa de Trabada, Mayra García. Besteiro, nado en Lugo en 1967, estudou Dereito e, ao finalizar os seus estudos, afiliouse ao PSOE. Avogado de profesión, participou na vida pública do Concello de Lugo entre o ano 1999 e o 2007 como voceiro municipal socialista e concelleiro de Urbanismo. No 2007 deixou estes cargos para presidir a Deputación de Lugo ata o

o encabeza é o candidato Miguel Tomé, convencido do gran resultado e coa determinación a actuar en Galicia liderado por Besteiro. “É urxente activar a política, no que a provincia será determinante, deixarán de estar co PP, porque os socialistas en marcha un novo horizonte de esperanza, de ilusión e de novas oportunidades polo futuro que merece a nosa provincia”, afirmou Tomé. Besteiro comprométese a un Goberno “que d

CANDIDATOS

1. José Ramón Gómez Besteiro
2. Lara Méndez López
3. Mayra García Bermúdez
4. Miguel Tomé López
5. Teresa Fernández Pérez
6. Jaime Losada Sobrado
7. Elena Cordero Becerra
8. Manuel Eduardo Fernández Varela
9. Catalina Fernández Méndez
10. Roberto Castro González
11. Marina Ramudo Graña
12. Miguel Ángel Vilar Rivas
13. Silvia Rodríguez Díaz
14. Jorge Val Díaz

Suplentes

1. Miguel Ángel Crende López
2. Olimpia López Rodríguez
3. Pablo Núñez González
4. Ana M^a Hortas Alonso
5. Miguel Caloto Conde



ano 2015.

Xa no ano 2023 foi designado como delegado do Goberno en Galicia e agora preséntase como candidato do PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia.

O candidato, que encabeza a lista por Lugo, di que presenta “un equipo sólido, con traxectoria de xestión en distintos niveis da administración, con perfís profesionais de diversos ámbitos, que aportan experiencia e xuventude, e que representan á totalidade do territorio da provincia de Lugo”.

O secretario xeral dos socialistas en Lugo, José Tomé Roca, sostivo que “Lugo aporta o mellor equipo dos que se presentan a estas eleccións autonómicas, e temos a sorte de que quen

e “que conteste”, cu representa ao “galego” para resolver os “verdadeiros problemas dos galegos e das galegas”. En concreto, Besteiro

“É urxente cambio en Galicia, vai ser determinante”

Monforte, sostivo que “está á fronte do Goberno” e que “querá o Porto Seco” como nodo loxístico de referencia. Tamén visitou a moza de onde o candidato s

SOCIALISTA

ez
ato
nta



didato”, subliñou de que “vai ter un contribuír de maneira a variar o cambio en Besteiro”.

o cambio en Galicia de Lugo vai xa que os lucenses discriminados polo alistas poñeremos o proxecto de ón, de impulso e dades, traballan e necesita e que vancia”, recalcou

étese así a liderar a verdade”

rou que “a Atención Primaria precisa dunha nova estratexia e dun forte compromiso por parte da Xunta para recuperar o prestixio e a importancia que ten na cadea sanitaria”.

Con respecto ao ámbito sanitario, o socialista tamén promete que, ao chegar á Xunta, implantará en toda Galicia o modelo público de residencias que creou á fronte da Deputación de Lugo, xa que nunha visita á residencia de Meira explicou que “aquí os maiores son tratados coma na casa, en centros pequenos e ben atendidos, sen ter que marchar do seu pobo, e pagan o xusto en función da súa capacidade patrimonial”.

Ademais, reclama recursos materiais e



un PSdeG que guismo útil” para meiros problemas” alegas.

ro, nunha visita a

activar o Galicia, e Lugo erminante”

que cando estea o galego, desblo- e converterao en ferencia en Galicia. ontaña lucense, socialista conside-

humanos para que os concellos poidan afrontar a limpeza dos granulados sen custo, así como “información científica e transparencia que permita afrontar a situación con tranquilidade”. Ademais, a terceira na lista, Mayra García, ex alcaldesa de Trabada, sostén que Besteiro executará as obras da Vía de Alta Capacidade Costa Norte de Ferrol a San Cibrao para a mobilidade e o desenvolvemento da comarca mariñá e daralle á Mariña o impulso do que o PP nos leva privando dende hai 15 anos”

Outra das iniciativas que leva o candidato socialista no seu programa é a aposta dende a Xunta de Galicia por apoiar ás empresas “que creen emprego de calidade e proxectos industriais que fixen poboación”.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO



CANDIDATOS

1. Olalla Rodil Fernández
2. Daniel Castro García
3. Montserrat Valcarcel Armesto
4. Iago Suárez Fernández
5. Iria Cotelo Cociña
6. Martín Gómez Souto
7. Pilar Vázquez Sánchez
8. Alejandro Varela Rubín
9. Beatriz Cedrón Vilar
10. Eloi Cabanas Ramos
11. Rosa Ana Prieto Florines
12. Mario Outeiro Iglesias
13. Alejandra Fernández Cillero
14. Miguel Gómez Fraga

Suplentes

1. Bernardo Valdés Paços
2. Wanesa Gómez Lourido
3. Manuel Luaces Fernández
4. María Dolores López Cayón
5. Xosé Manuel Becerra Pardo

Olalla Rodil encabeza o BNG provincial desde o 2016 e é voceira suplente

Olalla Rodil, nada en Ribeira de Piquín, é xornalista pero é máis coñecida polo seu labor político no Bloque Nacionalista Galego. É licenciada en Publicidade e Relacións Públicas pola Universidade de Vigo e conta cun mestrado de Estudos Internacionais. Tamén traballou como redactora.

Foi cabeza de lista da provincia de Lugo polo BNG nas eleccións xerais de España de 2016 e 2019, nas do Parlamento de Galicia de 2016, na cal saíu elixida deputada do Parlamento, e 2020.

Na actualidade ocupa o cargo de voceira suplente do Bloque Nacionalista Galego no Parlamento de Galicia e tamén é a vice-coordinadora de comunicación da executiva nacional do mesmo partido.

Rodil ten propostas dirixidas ás persoas maiores no eido da dependencia e da promoción da autonomía persoal. Son medidas que buscan “garantir o dereito a envellecer no propio fogar coas mellores condicións de vida, achegando os apoios e servizos necesarios que garantan o seu benestar”. Tamén afirmou que o BNG poñerá a disposición de todas as persoas maiores unha “rede de servizos públicos fortes” que permitan envellecer nas casas, xunto cun programa de prevención da dependencia e de promoción da autonomía persoal.

O BNG estruturará estes servizos a través do Servizo Galego do Benestar, “un sistema de xestión público, similar ao Sergas, que garanta o acceso de toda a poboación aos servizos sociais”. Ademais, propón reformular o modelo do Servizo de Axuda no Fogar. No relativo á Sanidade di que “levamos trece anos de recortes, privatizacións, con precariedade no persoal médico e colocando á sanidade pública na situación límite que ten



este momento”, así mesmo, explica que “unha das primeiras medidas a poñer en marcha é o Plan de Mellora da Atención Primaria, cunha partida de 200 millóns de euros para reforzar a porta de entrada á sanidade pública”. Segundo Olalla Rodil, “temos que cambiar o modelo actual por un no que as persoas sexan o centro, baseado en equipos de profesionais en número suficiente que poidan atender en condicións ás necesidades da veciñanza”.

Sobre o rural opina que “dar axilidade,

tencia prioritaria no ámbito da educación, sanidade e servizos sociais” e engadiu a necesidade da “recuperación de vivendas no rural e creación dun banco de vivendas, establecendo un marco de colaboración entre o IGV, os Grupos de Desenvolvemento Rural, a FEGAMP e as Deputacións Provinciais”.

A candidata do BNG afirma que, a partir do 18 de febreiro, o BNG traballará para “crear oportunidades para impulsar economicamente tanto a cidade como a provincia de Lugo”, para o que “poñeremos a Lugo no mapa mellorando as infraestruturas e a conectividade, garantindo que non se perda nin unha soa oportunidade económica por falta de infraestruturas”.

Rodil indicou que para BNG é unha prioridade a cohesión social e a vertebración. “Para iso a mobilidade é unha cuestión fundamental. Lugo non pode ser a única cidade de Galiza que teña conexións ferroviarias do século pasado”.

O BNG traballará tamén na mellora das condicións laborais das traballadoras e traballadores, tamén en materia de conciliación, tendo en conta as necesidades nas contornas laborais. Sobre o I+D+i di propón un nivel de investimento que sitúe Galicia progresivamente no horizonte europeo e no que se refire á carreira investigadora, di que se inclúa a todo o persoal investigador e o persoal técnico e de xestión porque “sen técnicos e sen xestores de proxectos non hai ciencia”, apuntou Rodil. A terceira gran proposta do Bloque é un programa de retención, captación e retorno do talento “que sexa ambicioso e estable a través da creación do Innogal”, unha entidade similar ás que funcionan con éxito en Euskadi e Cataluña”.

“Poñeremos a Lugo no mapa mellorando as infraestruturas”

dende a administración, a todos os expedientes relacionados co medio rural” así como “mellorar a dotación de infraestruturas e servizos con especial énfase nas zonas rurais máis afastadas”.

Tamén estableceu como prioridade “un plan de mobilidade no rural, con rutas e horarios suficientes para asis-


O PROCESO ELECTORAL PARA ESCOLLER 75 PARLAMENTARIOS

O obxectivo é controlar os 38 escanos que dan a maioría absoluta

As eleccións ao Parlamento de Galicia reparten un total de 75 escanos, polo que o principal obxectivo de cada partido é lograr os 38 que dan a maioría absoluta e evitan os pactos, tanto para poder gobernar como para perder a presidencia.

Catro trazos definen as eleccións galegas. A primeira é que se fan listas por circunscrición provincial plurinominal. O sistema para o reparto de escanos é o D'Hondt, o mesmo que se utiliza nos diferentes comicios en toda España. Para lograr representación existe unha barreira, que é obter o 5% dos votos válidos (suma de votos da candidatura e votos en branco). Se non se obtén o escano eses votos irán para o partido máis votado.

A provincia de Lugo escollerá 14 parlamentarios, ao igual que Ourense



A última característica deste sistema é a lista electoral pechada e bloqueada cumprindo a proporción de dúas persoas de cada sexo por cada cinco postos. A lei electoral autonómica establece que a repartición dos 75 escanos entre as provincias realízase asegurando un mínimo de dez escanos por provincia e posteriormente repártense os escanos proporcionalmente á po-

boación. Esta repartición concede a Lugo e a Ourense 14 cada un, mentres que A Coruña lévase 25 e a Pontevedra correspóndenlle outros 22.

Os diferentes partidos que concorreron ás eleccións elaboraron unha lista que require un mínimo de 14 candidatos pola provincia. A luguesa conta con dez candidaturas, que se repiten en todas as provincias, agás en Ourense,

onde tamén concorre Democracia Ourense, un partido de tendencia conservadora. Unha vez escollidos os parlamentarios, haberá que facer efectivo o nomeamento do presidente. Os candidatos que o desexen presentarán o seu candidato para dirixir o Goberno e procederase á votación. En primeira volta deberán obter unha maioría absoluta (38 votos).

UN TOTAL DE DEZ CANDIDATURAS NA PROVINCIA

Ademais do PP, BNG e PSOE preséntanse este ano outras sete listas electorais en Lugo

Os comicios galegos de 2024 contarán cun total de dez listas electorais pola provincia de Lugo. Repiten, por suposto, as tres máis votadas, o PP, BNG e PSOE, pero tamén configuráronse candidaturas para outras sete.

Así, haberá candidatos para outros tres partidos con representación tamén no Congreso dos Deputados. Entre estas destaca a de Sumar, que preside por Lugo José

Antonio Rodríguez Añón. Este partido, de vinculación á esquerda, está en coalición co partido de Pedro Sánchez no Goberno. Tamén presenta os seus candidatos Podemos, que nos comicios municipais, foron en coalición con Sumar. Preside a lista Ximena Cheda. A formación violeta non logrou aínda representación en Galicia.

Tamén VOX presenta a súa lista,

onde repite Sonia Teijeiro. Esta formación, que xa se presentou nas anteriores, non tivo ata o de agora representación. Os partidos independentes de Galicia Sempre e Compromiso por Galicia elaboraron a súa lista por Lugo (ECG) na que Castro López Gavín busca representación. Completan a oferta tres partidos minoritarios que aínda non tiveron apoio suficiente para lograr algún tipo de representación, o partido animalista PACMA, o PUM+J (Por un Mundo Más Justo) e Escanos en Branco, que ten un obxectivo de partido protesta e que loita polos escanos baleiros.

PACMA

- Consuelo Pereiro Fernández
- Omar Moruñño Real
- Irma Fitó Egea
- Patricia Fernández Virgós
- José Francisco Vázquez Brañas
- María Begoña Pais Riveiro
- Luis Miguel González Seijas
- Almudena Santos González
- Jésica Pasantes Vázquez
- Miguel Lago López
- María del Pilar Grandal Azpeitia
- Sandra María Souto Álvarez
- Alberto David Pérez Baldomir
- Sergio Villaverde Alfonso

Suplentes

- María Díaz-Rincón Tiessen
- José María González Martín
- Montserrat María García Valls

SUMAR

- José Antonio Rodríguez Añón
- Diego López Dapena
- María Teresa Rodríguez Chao
- José Manuel Díaz Grandío
- María Jesús Rodríguez Rodríguez
- María del Carmen López García
- Olga María López López
- Xoan Trigo González
- Nieves Pérez Rodríguez
- Noel Dopazo Vázquez
- María Isabel Sánchez Corral
- Roberto Vicente Yáñez Friero
- Guillermo Aijón Barreiro
- María Reyes Rodríguez Pérez

Suplentes

- Lucía Eres Rigueira
- Libertad Fraga Grueiro
- Xaquín López Gómez
- Manuel Lago Berdeal
- Isabel Fraga Grueiro

ESCANOS EN BRANCO

- Miriam Fernández Gómez
- César Fernández Viqueira
- María Irene Lamela Ocampo
- Javier Romay Fernández
- María del Mar Viso Fernández
- Jose Julio Fernández Sobrado
- Esperanza Rosalía Gómez López
- Jorge Pérez Polin
- Lara Abelleira Yañez
- Adrián Lage Blanco
- María Estrella García Pardo
- Pablo Lage Blanco
- Ana María Pérez Gay
- Juan Julio Carballeira Villares

PUM+J

- Roger Adolfo Calabuig Hernández
- Priscila Navarret Rodríguez
- Gerardo F. Castedo Balbuena
- María Teresa Bugallo Castiñeiras
- Manuel Pérez Castro
- María Nuria Villabona Río
- Juan Luis Fernández Rodríguez
- Leticia López Cancelo
- Manuel Alejandro Garrido Reboredo
- Rafael Veiga de Diego
- María Ángeles A. Sáenz Díez Cabello
- Gerardo Silva López
- Mª Mar Mtnez Lacaci Valderrábano
- José Manuel Real Fernández

VOX

- Sonia María Teijeiro Pérez
- Jorge Juan Núñez Díaz
- Noelia Rabanal González
- Miguel Ángel Rey Batan
- Félix Cienfuegos Rivas
- Ángel Francisco Lamela Fouz
- Elisa Victoria Navarro Álvarez
- Verónica Pena Gómez
- Verónica Arroyo López
- Rubén Graña Fernández
- Ramiro López López
- María José González Antolín
- Ana Belén Rego Sampedro
- Jacobo Gayoso Rodríguez

ECG

- Castor López Gavín (GS)
- Nuria Mera Balboa (GS)
- Pablo Corbelle González(GS)
- Tamara Simón Ferreiro(GS)
- Saul Sánchez Fraile
- Marta López Abeledo (GS)
- Manuel Martínez Rodríguez (GS)
- Carmen Río Mourín(GS)
- María Dolores Muñiz Cabanas (GS)
- Jordi Blengua Penedo
- Uxía Núñez Porto (GS)
- Xaime Manuel Requeixo Souto
- Jose Manuel Núñez Ferreiro (GS)
- Patricia Ferreiro Rodríguez (CxG)

Suplentes

- Ana María Pereiro Mourelo (GS)

PODEMOS

- Ximena Cheda Tuya
- Fernando Otero Bello
- Carla Varela Porto
- Francisco Farias Hernández
- Myriam del Carmen Lira Kornfeld
- José Luis Basulto Ruíz
- María Carmen Galvan González
- Aitor Aceiro Vales
- María Angeles Gayoso Fraga
- Carlos Castro Castro
- Sandra Graña Moreno
- Óscar López Corral
- Andrea Farias Asegurado
- Orencio Orosa García

Suplentes

- José Méndez Torres

Entregados os diplomas do curso de informática de adultos

A concelleira de Servizos Sociais de Xove, María Tamara Soto López, procedeu a entrega de diplomas do curso de informática de adultos, que se levou a cabo no Centro Xuvenil dende o 7 de novembro do 2023 ata o 25 de xaneiro do 2024 para persoas de idades comprendidas entre 40 e 80 anos.

Neste curso, impartíronse noções sobre o sistema operativo básico, Openoffice Write e Cal, internet, Google Maps, integración ordenador móbil e servizos na nube e sobre correo electrónico e seguridade informática.



Este tipo de cursos desenvólvense a través do departamento de Servizos Sociais que programa di-

ferentes cursos ao longo de todo o ano para adaptar os contidos pedagóxicos a este colectivo.

o vicedo

O colexio do Concello do Vicedo abre o prazo de matrícula en marzo

O Ceip do Concello do Vicedo vén de informar da próxima apertura do prazo de matrícula para as novas inscricións.

O alumnado poderá gozar do servizo de Madrugadores a partir das 8.30 da mañá, transporte escolar, xornada lectiva de 10.00 a 15.00 horas con dous recreos e tempo de lectura, comedor escolar con comida caseira e actividades extraescolares de 16.00 a 17.00 horas de luns a venres.

O prazo de matriculación abrírase a partir do día 1 de marzo.

PSOE. O grupo municipal socialista do Concello do Vicedo presentou unha moción para o vindeiro Pleno ordinario que se celebrará a finais deste mes de xaneiro. Nela piden a creación dunha



comisión mixta formada por representantes municipais e representantes do Ceip do Vicedo coa finalidade de unificar as actuacións de ambas entidades.

A voceira municipal socialista, María Pérez Santaballa, di que "con esta medida trataranse as diversas

problemáticas do centro e de cara a buscar o incremento de matrícula no mesmo.

"O colexio do Vicedo é un referente na Mariña por servizos prestados así como a súa atención individualizada e o trato familiar", remata dicindo Pérez Santaballa.

A aula Cemit ofrece cursos gratuítos de informática para nenos e adultos

A aula tecnolóxica do Vicedo, aula Cemit, situada na casa da cultura, está a ofrecer diversos cursos gratuítos para a poboación.

Contarán con cursos para nenos de mecanografía, programación, ofimática e busca de información. Serán os xoves de 16.30 a 18.30 para nenos a partir de 7 anos; os martes para

nenos a partir de 8 anos e os mércores de para nenos a partir de 10 anos.

Para os adultos haberá tamén clases de mecanografía de luns a venres de 16.00 a 20.00 horas. As inscricións haberá que facelas na casa da cultura e para máis información pódese chamar ao 982 590 195, escribir a cemit.ovicedo@gmail.com ou

ben de forma presencial na casa da cultura do Vicedo en horario de 16 a 20 horas.

Xa a finais do ano 2023 todos os ordenadores foron cambiados por uns máis novos para que os usuarios puideran usalos con comodidade e sen problemas, e así desfrutar e aprender nas clases sen a lentitude dos outros aparatos.

O PSOE convenia o arranxo das estradas da Deputación



A concelleira do partido socialista de Xove, Rogelia Mariña, acompañada de dous membros da candidatura, mantiveron unha reunión de traballo co presidente da Deputación para falar do mal estado das estradas da súa propiedade e do seu deterioro.

"Un dos motivos para presentarnos ás eleccións foi este, intentar arranxar o estado das estradas, e foi a nosa meta dende que a nosa representante tomou posesión no concello como concelleira", din os socialista.

Así, trasladáronlle a situación na que se atopan as estradas de Xove propiedade deste órgano, "trasladámoslle o pésimo estado, xa que fai moitos anos que pouco ou nada se fixo en mellorar estas vías de comunicación que comunican Xove pobo coas parroquias da Rigueira e Penas Agudas, con Lago e Morás, co Cruceiro e Vilachá e Portocelo, é dicir, de note a sur do concello, un total de máis de 40 km que actualmente están intransitables".

Propuxeron á Deputación retomar un convenio onde a Deputación pon o 50 % do custo e o concello o outro 50 %, "aín-

da que supón unha cantidade importante, pedímoslle ese esforzo para facer un acondicionamento que perdurara nos próximos 50 anos e en beneficio da zona rural, si queremos que non perda poboación hai que poñer servizos, e este é un dos máis importantes".

Despois dun intercambio de opinións, José Tomé, presidente da Deputación de Lugo, aceptou poñer en marcha este convenio, sempre que o Concello acepte o acordo.

Por iso o grupo socialista trasladou tamén esta proposta ao alcalde de Xove, "que en principio estivo en acordo en cumprir coa parte que lle corresponde do concello, e era unha boa nova para todos".

O partido socialista de Xove considera moi positiva esta xestión, e "estamos á espera de que a Deputación redacte o acordo e faga os proxectos necesarios coa súa correspondente valoración técnica e económica. A máis tardar, que quede firmado en primavera polo alcalde e polo presidente da Deputación de Lugo. Para con isto, poñer fin a un problema que leva anos enquistado e que todos os veciños sufrimos a diario", engadiron.



POSTAIS. Foron entregados os premios do Concurso de Postais de Nadal 2023 que se destinou a nenos e rapaces de Xove de Primaria e de ESO, en especial aos alumnos do CEIP Pedro Caselles e do IES Illa de Sarón.

EN BREVE

BNG. Xorxe Gómez Rico, voceiro do BNG na Pontenova, reuniuse co deputado nacionalista Daniel Castro para visitar aos usuarios das vivendas comunitarias locais para coñecer de primeira man as súas queixas. Así, estas persoas criticaron a comida servida por un catering da Xunta de Galicia, pois “estes usuarios contan nas instalacións con cocifias”. O deputado comprometeuse a facer chegar o Parlamento as súas queixas.

SUBIDA. A Escudería A Pontenova, grupo organizador da Subida A Pontenova informou que xa teñen data de celebración para a súa onceava proba. Esta cita será os vindeiros 6 e 7 de xullo e é unha proba deportiva que puntúa para o Campionato Galego de Montaña. A proba de motor está centralizada na localidade de Pontenova que lle dá nome e o tramo de subida sempre está localizado na estrada LU-4803, entre os puntos quilométricos 0.45 e 5.25, con 4,8 kms de lonxitude. A praza dos Fornos acollerá como todos os anos o parque de custodia, no que se concentrarán os vehículos para realizar as verificacións técnicas e administrativas previas á carreira, que se disputará en catro mangas cronometradas. Dúas na tarde do sábado e outras dúas o domingo pola mañá.

O CIT da Pontenova segue a rexeitar a decisión da FGD sobre a Festa da Troita

O Centro de Iniciativas Turísticas da Pontenova segue a rexeitar a decisión tomada pola Federación Galega de Pesca, que acorda que contemplará como falta moi grave a participación de clubs e deportistas federados en competicións galegas non autorizadas polo organismo federativo “coa ameaza da perda ou descenso de tódalas categorías”.

Ante este acordo, os concellos da Pontenova e Ponte Caldelas, o CIT, a Sociedade río Ulla da Estrada e a Festa da Troita do Lor vén lesionados os seus dereitos e intereses pois “nas Festas da Troita dos nosos concellos e no Concurso do Salmón do Ulla veñen participando pescadores federados que a partir de agora terán que decidir se facelo ou non dada a ameaza da federación”.

As festas que teñen lugar en Galicia arredor da pesca teñen o seu punto forte nos concursos nos que participan moitos pescadores de toda Galicia e mesmo de fóra dela.

Os asinantes anteriormente citados non entenden esta medida da Federación Galega de Pesca “que impide aos federados participar nas competicións que estimen



oportuno aínda que algunhas non estean no calendario nin organizadas pola propia federación. Estes concursos non deixan de ser adestramentos dos deportistas que verán reducido o número de campionatos nos que tomar parte”.

A Federación Galega de Pesca “é moi respectable como institución pero este acordo intenta dinamitar varias festas que supoñen unha gran fonte de ingresos para os pobos e as vilas nas que se celebran; son por tanto motor económicos. Para máis incredulidade, algunhas destas festas están declaradas de Interese Deportivo ou de Interese Turístico”, sinalan.

Xa se pode desfrutar da nova ruta das Minas



A veciñanza da Pontenova e os seus turistas gozaron este pasado 21 de xaneiro da nova ruta das Minas cunha andaina que tivo saída desde praza dos Fornos.

Foron ao redor de 200 persoas as que puideron desfrutar da ruta que inclúe ferratas, sendeiros, cascadas, a tirolina, unha ponte tibetano, vistas, boa gastronomía, e todo acompañado dun bo clima.

O camiño discorre xunto a chamada Vía Ferrata, un tramo curto que pode facerse nuns 15 minutos, e está marcado con grampas, cables, cadeas, e para ela será necesario colocarse os arneses para poder desprazarse polas rochas. Xa desde Penas do Castelo tamén se pode ir ás ru-

tas da mina Consuelo ou a dos Fornos.

Ten unha distancia 5,6 quilómetros e conta con ramplas pronunciadas malia que non é necesario estar nun excelente forma física. Recomanan levar botas de sendeirismo, roupa cómoda, bastóns, e unha pequena mochila con bebida e algo de comida.

“Un día estupendo, con xente estupenda”, así dixeron desde as redes sociais, “moi top para un turismo slow, para un turismo sen estres, sen saturación”, engadiron algúns usuarios.

Para participar facela é necesario chamar 982 342 101 ou 697 532 809 ou mandar un email a turismo@concellodapontenova.org.

vegadeo

O Gran Mestre, Aleksa Strikovic, gañou o XX Open de Ajedrez Rápido de Vegadeo



O auditorio Félix Menéndez de Vegadeo acolleu o XX Open de Ajedrez Rápido de Vegadeo no que participaron moitos xogadores así como contou cun alto nivel de cinco xogadores titulados.

Así, o Gran Mestre Aleksa Strikovic venceu en solitario con 6.5 puntos de 7 posibles, o segundo posto foi

Iván Andrés e terceiro levouno Lionel Sierra. O mellor veterano foi Belarmino García, o mellor sub18 foi Nicolás Martín e repetiu como mellor local José Ramón Roca.

O alcalde de Vegadeo, César Álvarez, estivo na entrega de premios e tamén foi a visitar aos participantes o primeiro día do torneo.

A casa da cultura acolle os Encontros teatrais IES Elisa e Luis Villamil

A casa da cultura de Vegadeo acolle neste primeiro trimestre do ano 2024 os Encontros teatrais IES Elisa e Luis Villamil Memorial Félix Menéndez.

Esta cita artística celebra a súa vixésimo quinta edición e malia que xa comezou en xaneiro, seguirá o vindeiro 18 de febreiro con ‘Pan con chocolate’ do grupo de teatro Ollomao de Barreiros.

Esta obra está escrita e dirixida por Ramón Casas e nela recupéranse as vivencias e as lembranzas dos nenos e mozos durante os anos 50 e 60 do século pasado. A vida nas aldeas, a emigración, a sexualidade ou as nais solteiras son algúns dos temas que un grupo de xubilados rememora nesta obra.

A seguinte, o 25 de febreiro, será ‘Agua de celos’, unha comedia escrita

por Ana Millas, que fala da relación entre Sandra e Raúl que tras anos de matrimonio foise salpicando de pequenas desavinanzas.

Xa o 3 de marzo será a quenda de ‘Mira como me siento’ de Teatro Cioyo de Castropol. Esta obra está escrita e dirixida por Carlos Martínez, e narra a vida de Andrés, afectado por unha enfermidade neurolóxica, que se debate nun mar de dúbidas no ocaso da súa vida. Desde a súa cadeira de rodas descóbrenos, a través das persoas que rodean a súa existencia, un universo feminino de ilusións, de frustración, de soños e realidades, de medo e superación.

O domingo 10 de marzo a obra ‘Pluto’ de Teatro Kumen falará do deus do diñeiro que vai cantando cego polas rúas. E o día 17 será ‘Ninette y un señor de Murcia’ de La Capacha

a encargada de pechar os Encontros Teatrais.

Para máis información desta e outras actividades da casa de cultura haberá que visitar a axenda da páxina web da biblioteca.

BOLILLOS. O Concello pon en marcha o V encontro de Bolillos o sábado 2 de marzo de 2024 e desenvolveranse no pavillón do recinto feiral en horario de 11.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 19.00 horas.

Para anotarse ou máis información será necesario chamar ao 650 668 000 ou mandar un correo electrónico a ferivegadeo@vegadeo.es.

A vila de Vegadeo reuniu no anterior encontro a máis de 650 afeccionadas de Asturias, León e Galicia que se achegan ao recinto a amosar o mundo do encaixe.

Un Punto de Encontro Familiar dará cobertura a toda a comarca

O Concello de Cervo albergará un Punto de Encontro Familiar (PEF) que dará cobertura a todos os municipios da Mariña. O novo recurso situarase no edificio do Ecomuseo, en Cervo cuxa cesión por parte da Administración local foi oficializada no pleno ordinario celebrado esta mesma tarde.

O edificio será adecuado pola Xunta de Galicia para converterse no noveno Punto de Encontro Familiar de Galicia –existe un en cada unha das 7 grandes cidades e un punto comarcal en Ribeira–.

A rexedora, Dolores García Caramés, apuntou que “é unha moi boa nova para Cervo” poder acoller este servizo tan necesario na sociedade actual, dándolle así un uso público e social a este edificio que ademais é unha instalación municipal tan simbólica para todos os cervenses xa que foi a antiga Casa do Concello; un emprazamento que desde a Consellería de Política Social consideraron idóneo “pola súa situación e polas características do inmovible” como lugar seguro para realizar as visitas establecidas por lei dentro dun proceso de



separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar; así como cando o exercicio do dereito de visitas se poida ver interrompido ou o seu cumprimento resulte difícil ou conflitivo.

Trátase –engadiu– dun recurso fundamental para as familias e moi especialmente para as crianzas que se atopan en situación de desprotección “co fin de preservar, nun espazo neutral, a relación entre os menores e os membros da súa familia nestas situacións complicadas”; buscando sempre a seguridade e o benestar dos menores, ante

todo.

Esta prestación evitará ademais, a obriga das familias de desprazarse máis de 100 quilómetros para acudir ao PEF de Lugo, que ata agora era o recurso máis próximo de referencia.

O edificio, situado na Rúa do Muíño, 2, cuxa data de construción foi no ano 1880, está composto de planta baixa e piso alto, ocupando unha superficie construída duns 232 m².

Entre as intervencións que se realizan nos PEF están as entregas e recollidas dos menores, as visitas tuteladas ou as visitas supervisadas.

Asinado un convenio co Burela FS para promocionar as instalacións

A alcaldesa vén de subscribir un convenio de colaboración co Burela Fútbol Sala co obxectivo de promocionar as instalacións municipais e de fomentar a práctica deste deporte e os hábitos de vida saudables entre a mocidade do municipio.

O documento contempla a visita dos membros do primeiro equipo do Burela FS masculino e feminino aos centros escolares do municipio, que participarán ao longo do curso, e sempre que os seus compromisos de competición llo permitan, en diferentes charlas e seminarios co fin de compartir cos nenos e nenas as súas experiencias como profesionais da elite neste deporte, e súa realidade diaria, fomentando tamén unha contorna de igualdade.

Ademais, o convenio permitirá ás crianzas das Escolas Deportivas Municipais participar nos diferentes eventos organizados polo Club, cun trato preferente e/ou con descon-



tos especiais se tivesen custo, entre outras vantaxes.

Pola súa banda, o Concello, tal e como explicou a alcaldesa, “comprométese a ceder ao Burela FS o uso das instalacións deportivas municipais, sempre, iso si, que sexa compatible coa actividade habitual que hai nas mesmas”, organizando a súa cesión en función da dispoñibilidade.

A rexedora puxo en valor este con-

venio “moi positivo para o noso Concello” e destacou a importancia da “colaboración institucional”, que neste caso vai permitir á nosa comunidade educativa poder compartir intres moi proveitosos e interesantes con profesionais do Fútbol Sala de elite.

Caramés trasladoulle tamén ao presidente os parabéns “polo traballo impecable que están a facer coas dúas seccións do Club”.

Entregadas as axudas aos centros escolares



A rexedora, Dolores García, e a edil de Educación, Pilar Armada, mantiveron un encontro cos directores dos tres centros escolares do municipio –Ceip de Cervo, Ceip Península da Paz e IES Marqués de Sargadelos– para facerlles entrega dos cheques coas axudas que o Concello de Cervo reserva cada ano no seu orzamento para a comunidade educativa.

A alcaldesa precisou que son unha liña de axudas que veñen complementar o apoio continuo que se presta desde o Concello durante todo o ano, para contribuír cos

seus gastos de funcionamento. Esta aportación pretende ser unha axuda –engadiu– para o desenvolvemento das múltiples actividades que programan durante o curso que favorecen o progreso educativo do alumnado.

Estas axudas forman parte dunha partida orzamentaria de 7.500 euros que o Concello dirixe á comunidade educativa do municipio –neste caso aos centros e ás Anpas–, que se suman a outras en marcha neste eido como as axudas para transporte e a adquisición de libros e material escolar.

A Diocese presentou un proxecto para a renovación da cuberta do mosteiro

A Diocese de Mondoñedo vén de presentar un proxecto para a renovación de toda a cuberta do mosteiro de San Salvador, en Vilanova de Lourenzá. Estas obras acometeranse co 2 % Cultural, unha medida do Patrimonio Histórico Español, que establece a obriga de destinar nos contratos de obras públicas unha partida de polo menos o 1 % a traballos de conservación.

Este proxecto ten especial atención na parte que se derrubou e se cubriu de modo provisional. Estes traballos habilitarán o patio como un espazo expositivo e de uso público. Xa no ano 2020 investíronse 126.223,07 euros na reparación dos corpos norte de ambos claustros e no leste do claustro do Salvador, en total uns 1.450 metros cadrados. Os traballos consistiron en desmontarse o ordenado dá cuberta, conservando a estrutura de madeira existente, á reposición de todos os elementos danados no muro con nivelación, e a reposición de cachotería derruída nas súas cabezas onde sexa necesario.

No 2022 as obras centráronse na

renovación da obsoleta instalación eléctrica do templo para o que se levantaron coidadosamente algunhas laxas do pavimento e tras o control arqueolóxico das gabias instaláronse os tubos para ocultar así o cableado.

Xa a finais do verán dese ano a lanterna da cúpula da igrexa do Mosteiro, parecía presentar problemas estruturais que provocaran o desprendemento de anacos de pedra da súa cornixa interior. Polo que tras un proceso de análise das patoloxías, os técnicos de Parteluz Estudio confirmaron que a estrutura era totalmente estable e que presenta soamente problemas de disgregación de pedra asociados a unhas grampas de ferro colocadas durante a súa construción que se atopaban oxidadas.

O Partido Popular de Lourenzá sempre defendeu a rehabilitación e recuperación do patrimonio histórico co que conta o municipio “porque é parte da nosa identidade e, ao mesmo tempo, o seu aproveitamento contribúe a dinamizar o noso territorio”.

O Concello solicitou unha subvención para renovar a cuberta da escola de Trabadela



O Concello de Trabada vai solicitar unha subvención para renovar a cuberta da antiga escola de Trabadela, na parroquia de Sante. En concreto, é unha subvención de concorrencia non competitiva para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia. Foi solicitada ao Instituto de Estudos do Territorio, pertencente á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. O orzamento total da actuación necesaria ascende a 28.571,41 euros. Julia María Barcia asegura que “agardamos conseguir esta subvención, dado que puiden solicitar esta axuda en catro minutos dende a apertura do prazo establecido na orde”.

“Queremos continuar mellorando os locais en todas as parroquias e xa que temos unha planificación previa e os proxectos realizados puidemos solicitar dita axuda”, engade.

Para resolver os problemas de humidade e filtracións detectados, propónse a renovación dos acabados existentes.

Prevese a desmontaxe das lousas da cuberta existente e a revisión do entablado de base. Renovarase parcialmente con madeira de castaño e sobre esta formación de pendentes colocaráse unha lámina impermeabilizante.

A cubrición será de lousa de lousa similar á existente, seguindo as indicacións da Guía de Cor e Materiais de Galicia.

Máis de 500 sinaturas para pedir que se repoña o médico de familia

O Concello de Trabada xa recolleu máis de 500 sinaturas entre a veciñanza para reclamarlle á Consellería de Sanidade que repoña no centro de saúde a praza do médico que se xubilou, unha iniciativa impulsada pola anterior alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

“Xa son máis de 500 firmas as recollidas ata o momento entre a veciñanza e animamos aos veciños que aínda non asinaron a facelo”, explica o actual alcalde, Rubén García. Os veciños e veciñas interesadas poden asinar no Concello de Trabada, o centro de saúde e a farmacia. “A sanidade pública e, en especial, a atención primaria, son fundamentais para un concello como o noso, falamos dun servizo esencial”, engade García.

“En Trabada durante estes preto de nove anos de goberno fixemos unha aposta clara e decidida no que se refire aos servizos públicos e de calidade, por iso lle solicitamos á Xunta de Galicia, que ten as competencias en sanidade, que cubra esta praza. Non podemos estar días completos sen médico como ten pasado en varias ocasións, e tampouco é suficiente cubrir a media xornada o posto do médico cando non está o titular”, remata o alcalde.



OUTRAS PROTESTAS. Esta súmase a outras das protestas e mobilizacións convocadas pola Plataforma Sanitaria da Mariña recentemente na Praza Conde Santo, de Lourenzá, e pola veciñanza e o tecido asociativo do Vicedo para reivindicar que se dote á comarca de máis profesionais nos centros de saúde.

Dende o PSdeG denunciaron que, no caso de Lourenzá, o servizo de pediatría préstase de xeito compartido cos concellos de Mondoñedo e Barreiros, correspondéndolle a Lourenzá consulta de pediatría un día á semana.

Así, esíxennlle á Xunta que “restableza integramente o servizo de pediatría, tanto en Lourenzá como

no resto de localidades da comarca da Mariña, porque poder levar aos pequenos ao pediatra non é un privilexio, é un dereito básico”, sinalou a rexedora do concello laurentino, Rocío López.

No caso do Vicedo, di a voceira socialista, María Pérez, “as malas prácticas da Xunta en materia sanitaria son unha constante en toda a comarca e acusan ao PP de precarizar o sistema ao non cubrir baixas, vacacións, permisos ou xubilacións”.

Lembraron que os problemas se multiplican en localidades como Lourenzá, Burela, Foz, A Pontenova, Alfoz, O Valadouro, Ribadeo, O Vicedo ou Viveiro, que sofren pola falta de persoal.

riotorto

O TSXG dá a razón ao Concello polo corte de auga a un ex edil socialista

Nunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia afirmase que o corte de auga que o alcalde de Riotorto, o popular Clemente Iglesias, decretou en 2021 ao entón voceiro municipal do PSOE, José García, foi legal. Polo tanto, queda desestimado o recurso que puxo o socialista. Segundo a sentenza, José García consumía auga da traída municipal na súa propiedade situada en Espasande de Abaixo, tal e como el mesmo recoñeceu, e que o seu contador de auga non rexistrou ningún tipo de consumo durante seis anos, polo que entende que o alcalde tiña a obriga de solucionar esa situación. Engade esta que aínda que José García pagase o mínimo establecido pola auga, iso non implica que esa situación fose correcta e subliña que é necesario pagar o consumo que se



realice.

Estes feitos xeraron unha gran polémica no seu momento xa que o socialista fixo pública a situación acusando ao alcalde de tomar unha medida “caciquil, déspota e incoherente”. Pola súa banda, o alcalde, Clemente Iglesias, sempre defendeu que non había ningún tipo de lectura que avalase as afirmacións de García

acerca de que sempre abonara o seu consumo de auga.

A situación prolongouse coa queixa por ter que colocar o contador para a súa lectura nas proximidades do camiño de acceso á súa propiedade para facilitar a súa lectura por parte do persoal municipal, unha medida que tamén foi apoiada polo TSXG.

Trabada conta xa cun novo campo de bolos



O Concello de Trabada conta xa cun novo campo de bolos, ampliando desta forma os espazos deportivos e de lecer para os seus veciños e veciñas.

Un proxecto que se levou a cabo coa colaboración da Deputación de Lugo, pois a anterior rexedora, Mayra García Bermúdez, asinou o ano pasado un convenio para a súa posta en marcha co presidente da institución provincial, José Tomé Roca.

“Os nosos veciños e veciñas contan agora cunha zona deportiva ampla cunha pista de pádel, unha pista multideporte e unha tiroliña infantil, á que agora se suma este campo de bolos”, sostén o alcalde, Rubén Gar-

cía.

“En Trabada temos veciños que son socios do Club de Bolos Ribatra e quixemos que contaran cun espazo adecuado que lles permitira practicar este deporte tradicional; preservar a nosa cultura e as nosas tradicións tamén é algo que temos presente”, explica.

“Seguiremos investindo, atendendo ademais as demandas dos maiores e dos máis cativos, como dixo Mayra na última visita que fixo ao colexio como alcaldesa. Ela sempre os fixo participantes e nós imos seguir na mesma liña de escoita activa, pois para nós todos importan teñan a idade que teñan”, engade García.

“Estamos para solucionar os problemas sempre e cando se poida”

Rubén García é o novo alcalde de Trabada trala marcha de Mayra García como número tres nas listas do PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia

Como empezou na vida política?

Pois comecei con Mayra, a anterior rexedora de Trabada no ano 2015 por unha chamada súa, a cal quero agradecer porque ao final atopei un mundo que me gusta, o mundo da política, e sobre todo o mundo da política local.

Por que di a política local?

Quizais é porque Trabada é un municipio pequeno, pois se te vas a outro concello máis grande a proximidade coa xente e o poder axudarlles nos seus problemas diarios, que é o realmente importante, iso pérdese.

Vostede é de Trabada?

Si, son natural de Trabada pero nos meus anos mozos tiveron que saír por motivos deportivos así como por motivos laborais, pero sempre tiveron claro que quería volver para Trabada. E así foi, en canto se deu a opción de coller o primeiro negocio, asenteime aquí coa miña familia.

Os seus estudos servíronlle para prepararse ata o de agora?

Pois cando era máis novo estiven nas categorías inferiores do Pescados Ruben Burela, e aí puiden despuntar no mundo do fútbol sala. Aí chegou un momento no que digamos que era profesional ou semiprofesional e dedicaba a miña vida plenamente ao fútbol sala. Despois tiveron varias experiencias no estranxeiro, o cal unha vez rematado o instituto pois si que tiveron que aparcar o mundo académico. Estiven en Inglaterra, todo a raíz do fútbol sala, e despois empecei a compatibilizar o mundo laboral tamén no sector da alimentación. Xa máis tarde volví para Trabada e logo foi cando se deu a opción de coller o supermercado local, co que volvo a incidir un pouco no de antes, que me gusta o contacto coa xente, o trato directo coas persoas.

Entón é concelleiro dende o 2015.

Si. Os meus inicios son no 2015, cunha chamada de Mayra para ir na lista das eleccións municipais, e aí xa empecei de concelleiro de Deportes e Saúde con ela ata agora. Case nove anos ao pé do

canón e apostando por Trabada.

Como foi o seu traballo de concelleiro?

Desde o primeiro día foi un traballo continuo e diario e a adaptación foi boa. Estou moi contento por iso, porque realmente me gusta, e é un mundo que me gusta, que me ilusiona. O que máis destaca é a proximidade cos veciños, intentar solucionar os seus problemas con todo o que estea na miña man. En definitiva, para iso estamos os políticos a nivel local, sobre todo para solucionar os problemas da veciñanza sempre e cando se poida.

Aquí vívese moi ben...

Eu creo que a xente das grandes capitais empezan a darse conta agora despois da pandemia e que no rural non se vive tan mal. Si é certo que tes que tirar máis do coche para desprazarte, pero o que é calidade de vida, ou o que digo eu sempre, poder respirar aire puro, o ritmo de vida, o non ter sinal de estrés. Iso vale moito.

Esperaba esta elección de alcalde?

A verdade é que non. Unha vez saíu Besteiro como candidato á Xunta de Galicia, si que se valoraba a posibilidade de que Mayra fose nas listas, e é certo que ata que se fixo público eses días non había nada seguro. A balanza decantouse por min, pois a miña compañeira Julia, que era a primeira tenente alcalde traballa de profesora e esta pendente de que a chamen tanto de Galicia como de Asturias polo tanto pola súa profesión, digamos que non sería tan fácil a total dedicación como no meu caso que xa estou asentado aquí laboralmente.

Collou o bastón de mando con ilusión?

Asumino con moita responsabilidade, con moitas ganas e con moita ilusión.

E a reacción dos veciños?

Polo momento estou recibindo moitas mostras de cariño e moitas felicitacións. Eu estou moi contento e moi agradecido por estes xestos dos veciños.

É Mayra un referente político?

Por suposto. Sempre o digo xa



“O principal punto é seguir na liña de Mayra, con ese equipo que iniciamos fai nove anos, seguir apostando polo servizo público e polos cuidados da xente”

que ela me introduciu na política, pois ao principio non me interesaba moito pero por descoñecemento, e desde que estiven traballando con ela aprendín moito sobre as relacións veciñais e a interesarse pola vila.

Ten xa un proxecto na mente para estes anos como alcalde?

É certo que teño algunhas cousas en mente pero non están definidas de todo. O que si está claro é por onde quero ir. O principal punto é seguir na liña de Mayra con ese equipo que iniciamos hai nove anos e seguir con ese proxecto de apostar polo servizo público, de apostar por esa política útil que lle afecta no día a día aos veciños, que realmente lles solucione os seus problemas diarios, seguir apostando polos cuidados da xente, cuidados dos maiores, programas de conciliación, etc. E por suposto seguir mellorando as infraestruturas, vías e camiños municipais. Por exemplo, que as familias do noso concello se poidan beneficiar de eses programas de conciliación, Madrugadores, Ludiseráns, campamentos de verán, de Nadal, etc. pero que tamén as familias de fóra do municipio que estean vinculadas de algunha maneira e que queiran facer un cambio de vida e estean buscando un modo de vida máis tranquilo, que vexan que aquí tamén hai unha opción moi positiva na cal poder crear, apostar e asentar as súas familias. Que saiban que van a ter os

mesmos servizos ou máis que en grandes cidades.

Entón, apostar polos servizos básicos ao 100 %.

Si, é un pouco o piar básico do que son os servizos públicos centrados realmente nos veciños. Tamén seguiremos mellorando os locais sociais que teñen todas as parroquias pois son os lugares onde a veciñanza fai reunións e actividades. Apostar polo cuidado da xente, por exemplo contamos con programas de terapia ocupacional en todas as parroquias, malia que haxa 2, 5 ou 20 usuarios en diferentes parroquias, pois todos os veciños teñen o mesmo teñen o mesmo dereito a gozar deses servizos. Por outra banda, dicir que contamos cunha furgoneta a demanda a cal os veciños, tanto xubilados como con mobilidade reducida, poden solicitar para achegarse ata o núcleo de Trabada a facer as súas xestións como ir ao Concello, á farmacia ou o caixeiro. Tan só teñen que chamar e reservar e é totalmente gratuíto.

Como cre que será a colaboración da oposición?

Desde logo vou tender unha man ao diálogo e ao entendemento, pero sempre dende o respecto e a rigorosidade, que é algo que lles vou pedir dende o primeiro día porque é certo que estes últimos anos, eu considero que non o houbo, sobre todo de cara a Mayra.



o valadouro

O municipio será o epicentro da gandaría este mes de febreiro

O Valadouro converterase este mes de febreiro no epicentro da gandaría. Así, xa comezou o pasado sábado 3 coa V Feira de razas autóctonas e que repartiu 4.200 euros en premios en metálico.

O sábado día 10 celebrarase unha formación entorno ao Real Decreto 1053/2022 de Ordenación das Granxas Bovinas na que, entre outros aspectos, se asesorará ás gandeiras e gandeiros sobre a nova lei de protección dos dereitos e o benestar dos animais, coa que deberán ter un veterinario de referencia na explotación. Será no salón de actos da casa da cultura ás 12.00 horas.

Para rematar, o 17 de febreiro terá lugar a II Feira de Gando no Aparcaido Municipal, mentres que no

Camiño da Granda terá lugar o III Concurso de Andadura Galega da man de PURAGA. Ambas actividades arrancarán pola mañá. Ao tempo, durante a fin de semana, ASOPORCEL promove a degustación gratuíta de carne de porco celta nos locais hostaleiros.

Eduardo Chao, concelleiro de Medio Rural, explicou que o formato do Mes Gandeiro, que puxeron en marcha o ano pasado, repítase xa que “isto permite desenvolver as actividades e dedicarlles o tempo que cada unha delas require. Ademais, permite que sexan un referente na comarca e en toda a provincia e permite visibilizar un sector que produce alimentos de grande calidade”.

O Club Hípico Terras do Mariscal critica a denegación de data para a súa proba

O Club Hípico Terras do Mariscal vén de criticar a denegación de data para a organización da súa proba ecuestre por parte da Federación Hípica Galega.

Segundo o presidente do club, “a federación, que preside Federico Pémez Lago, destinou o grosu do orzamento ás probas de salto a pesar de que este ano o raid tivo moitísimas solicitudes”.

Este ano presentáronse en toda Galicia 21 solicitudes “e tan só aprobaron 9 delas”, di o presidente, “a Federación non nós deu opción a data, directamente nos

denegou todo”.

“Así, pensamos que xa que non dan data para este ano, podemos ir recollendo fondos para a vindeira celebración, pero ao non existir data o Concello tampouco nos pode dar axudas”, engade.

“O noso plan é dar a coñecer o val con algunha ruta cabalar co fin de recadar fondos e utilizando as rutas do percorrido do raid, e intentaremos en novembro asistir á Feria Internacional do Cabalo Lusitano de Golega, en Portugal, a feira máis importante do sector”, remata dicindo.

O Valadouro Rock contará con Obus e Gigatrón entre outros

O Festival Valadouro Rock, que se celebrará o vindeiro 22 de xuño ás 17.00 horas, comezou a debullar aos grupos e bandas que actuarán ese día.

Así, informaron de que contarán cos valencianos Gigatrón, coa banda asturiana Skuld, o grupo ribadense Materia Muerta, o grupo de Avilés Leather Boys, os asturianos Drunken Buddha, os madrileños Vita Imana, o ex de Siniestro Total, Miguel Costas, Obus e Strikeback.

De momento xa se poden ir mercando as entradas na súa páxina web a un prezo de 26 euros. Os menores de 15 anos que o dese-



xen poderán acudir gratis ao festival acompañados dun adulto con entrada.

alfoz

O Concello de Alfoz valora moi positivamente a súa presenza en Fitur

O Concello valora moi positivamente a súa presenza en Fitur, consolidándose como destino turístico de gran fortaleza debido ás oportunidades que ofrece. A alcaldesa e responsable de turismo, Efigenia Maseda, acompañada de dous dos seus concelleiros, Judit e Eliseo, participaron en varias actividades previstas en

Fitur como a presentación do vídeo promocional A Mariña, Galicia de corazón da man da Mancomunidade de Concellos da Mariña ou o contacto con representantes do sector turístico. “Alfoz presenta un gran atractivo turístico. Dentro das súas fortalezas atopamos as súas xentes, a gastronomía, a natureza, a arte, o

patrimonio e a lenda; sendo esta última unha distinción importante da que outros destinos carecen” asegurou a alcaldesa. “Buscamos para o Concello un turismo de calidade e non de cantidade, no que prime o ambiente familiar e de descanso mesturado coa riqueza que Alfoz posúe” engadiu a alcaldesa.

A Omix acolle unha charla informativa sobre control e xestión da dor

A aula Omix do centro sociocultural de Alfoz acolle o vindeiro 16 de febreiro unha charla informativa sobre control e xestión da dor.

Esta cita será ás 10.30 horas e durante o obradoiro proporcionaranse habilidades e coñecementos necesarios para mellorar a calidade de vida das persoas que presentan dor aguda e crónica, así como información sobre diferentes alternativas para a avaliación e tratamento da dor.

As persoas interesadas en inscribirse na actividade poden facelo ata o 9 de febreiro, presencialmente no Concello de Alfoz ou no teléfono 982 55 80 01.

O Concello xuntouse coas asociacións parroquiais para saber as súas necesidades



O Concello de Alfoz reuniu ás directivas das asociacións parroquiais para que trasladaran as necesidades que aprecian nos seus barrios.

A alcaldesa alfocega, Efigenia Maseda, acompañada polo primeiro tenente de alcaldesa, Jorge Val, xunto con outros membros do goberno; escoitaron as propos-

tas da veciñanza para incluílas na medida do posible nos orzamentos.

Destá xuntanza a alcaldesa comentou “que foi unha xornada produtiva na que o Goberno temos que facer unha valoración de prioridades, xa que hai moitas necesidades e unhas son máis urgentes ca outras”.

ourol

O Concello conta cun servizo de fisioterapia a domicilio



O Concello de Oourol vén de informar dun servizo de fisioterapia a domicilio destinado a persoas dependentes con limitación de mobilidade ou sen contar co grao de dependencia que presenten igualmente mobilidade reducida.

As persoas que desexen acceder a este servizo deben contactar co servizo de fisioterapia do Concello de Oourol para poder valorar a súa idoneidade.

Así, deberán chamar ao teléfono 982 559 019 ou achegarse presencialmente á casa da cultura.

Convocan as probas de avaliación en competencias clave

Convocan as probas de avaliación en competencias clave para o acceso as accións formativas dos novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3. As competencias clave son necesarias para poder acceder a certas especialidades dos obradoiros de emprego de nivel 2 e 3 para aqueles desempregados que non posúan de estudos como mínimo a ESO.

Así, convocan probas en dous niveis de cualificación profesión en comunicación en lingua galega, lingua castelán, lingua estranxeira (inglés) e competencia matemática.

O prazo de presentación remata o 15 de febreiro e para máis información será necesario chamar ao axente de emprego do Concello en horario de 8.00 a 15.00 horas no teléfono 982 559 109.

O Partido Popular gobernou en Alfoz durante moitos anos ata que no 2015 o PSOE lle arrebatou a Alcaldía e agora están na oposición

“Formar parte da oposición debe ser semellante a gobernar, a única diferenza é que ti non tomas as decisións pero si que tes que ser partícipe e coñecedor de todo o que se fai e o que se precisa”

Os resultados das pasadas eleccións locais de Alfoz foron unha incógnita pois a veciñanza non se decidiu por un partido en concreto, pois todos os partidos acadaron 3 edís. Así, o PSOE obtivo 451 votos, Vía Alfoz 283 e o PP 339 votos.

Despois de debates e días de incerteza fíxose un pacto de goberno de PSOE e Vía Alfoz no que collía o bastón de mando a independente, Efigenia Masada. Así, a oposición do concello alfocego está composta tan so polo Partido Popular e representado no seu voceiro Juanjo Fraga.

Fraga é enxeñeiro agrícola e presentouse con moita ilusión para recuperar a Alcaldía, o que fixo que subira un escano respecto ao 2019. Fraga é coñecido pola súa faceta de empresario, propietario e administrador de varias empresas relacionadas co sector agrícola-gandeiro, das cales tres delas están afincadas

mellor para o noso pobo”.

Para o popular o labor da oposición “non só é controlar e supervisar o traballo do equipo do Goberno, senón tamén ten que ser a voz dos veciños formulando suxestións, queixas e propostas”.

Así mesmo di que “formar parte da oposición debe ser semellante a gobernar, a única diferenza é que ti non tomas as decisións pero si que tes que ser partícipe e coñecedor de todo o que se fai e o que se precisa, isto supón que tes que dedicar moitas horas do teu día a día para traballar polo concello”.

Pero opina que os beneficios tamén son moitos e son “morais, e é un orgullo sentirse válido para a veciñanza, esforzarse para que o teu concello, onde naciches e te criaches, non decaia e non desapareza, e que se emprendan novos horizontes e novas alternativas”.

Fraga ten unhas liñas claras coas



servizos, creando un centro de día e a residencia da terceira idade e “sobre todo o día a día co SAF e axuda temperá”.

e áxil”. En resumo, “melloraríamos a vida dos alfoceses e faríamos que fora un concello onde a xente lle gustaría vivir e se xerara traballo e benestar”, di.

“Nós dende a oposición estamos a proporcionar moitas propostas e cousas útiles para Alfoz e dende o Goberno non as apoian a pesar de que ambos equipos as consideren favorables, parece que só o fan por non crear un conflito de intereses”, di Juanjo Fraga, “debería premiar o mais válido e o que realmente sexa máis positivo para o municipio, isto obrigaría a facer unha política máis activa e non permitiría acomodarse e baixar a actividade”.

Sobre os pactos de Goberno opina que non lle gustan, aínda que “normalmente é a forma máis fácil de constituír un Goberno estable”. E sobre as relacións co equipo de Goberno actual di que son boas, pero que “si que é certo que co voceiro do PSOE é case imposible chegar a un acordo, pero co resto dos integrantes hai unha relación fluída”.

Fraga cre que “a veciñanza merece que poñamos todo o mellor de nós e traballar por eles”, e engade que “sempre apostei por Alfoz como un lugar de residencia e como un lugar para impulsar proxectos laborais e persoais, despois de todo, temos que ser partícipes e traballar nunha mellora dos servizos para que a xente poida traballar, vivir e instalarse en Alfoz”.

“É un orgullo sentirse válido para a veciñanza, esforzarse para que o teu concello, onde naciches e te criaches, non decaia, e que se emprendan novos horizontes e novas alternativas”



en Alfoz.

Este alfocego forma parte da política municipal desde o 2007 malia que xa dende rapaz lle gustaba este mundo, “sempre me gustou participar na vida social e cultural, de feito lembro unha festa da xuventude que organizamos con tan só 16 anos”, di Fraga, “este traballo e inqueda fíxome unirme ao Partido Popular, pois considerei e sigo considerando que é a forma máis acertada de representar as miñas ideas e aos meus veciños e sobre todo de traer o

que lidera a oposición e pasan por “darlle un empurrón urbano e económico a Alfoz, comunidades parcelarias, Plan Básico, e solo industrial que é algo primordial, crear unha oficina de atención a autónomos, emprendedores e sector primario, pois son o motor de calquera concello como o noso”.

E por outro lado, ten claro que o primeiro é “protexer, coidar e facilitar en todo o posible a vida a novos pois son eles que manterán o noso futuro e por suposto aos maiores”, mellorando

O Partido Popular gobernou en Alfoz durante moitos anos ata que no 2015 o PSOE lle arrebatou a Alcaldía, por iso cre que o seu partido volvese a gobernar aportaría “dinamismo, xa que estamos nun concello paralizado. Alfoz era dinámico, había moita empresa e industria para os habitantes que tiñamos, e hoxe en día non se impulsa nada diso, o Concello só é un mero tramitador de impostos e servidor de servizos básicos”, di Fraga, “a administración local debería ser máis dinámica

MAR

Apenas chegan xa granulados ás praias da Mariña lucense

Sobre mediados do mes de decembro de 2023 comezaron a atoparse grandes cantidades de granulados de plástico dispersos nas rías baixas, especialmente na ría de Muros e Noia, e xa co comezo do ano 2024 chegaron ata a Mariña lucense, costa asturiana e cántabra.

Estes sacos proviñan da vertedura ao mar de varios contedores á altura de Viana do Castelo, Portugal, por parte do barco Toconao, que ao ser transportados nos contedores superiores dos barcos, cos forte golpes do mar, caeron fora. Un dos contedores perdidos portaba un total de 1.050 sacos de granulados, de 25 quilos cada uno.

Os sacos, que levan o nome da empresa Bedeko Europe con sede en Polonia, contiñan granulados de plástico ou tamén chamados “nurdles”, unhas bolas brancas de 5 mm fabricadas en polipropileno ou polietileno e que levaban escrito no saco “estabilizadores de luz UV”.

A problemática destas bolas é que poden ser inxeridas pola fauna mariña xa que polo seu aspecto pódense confundir con ovos, e tamén poden ser filtradas por mexillóns e algas.

O seu pequeno tamaño dificultou enormemente a súa limpeza, polo que se temía que isto derivara “nunha marea branca de consecuencias tráxicas para o medio ambiente e



que afecta directamente as comunidades costeiras que viven da pesca, o marisqueo e o turismo, sen esquecer todos os danos indirectos que xera esta contaminación nun ecosistema que produce a metade do osíxeno do mundo”, dixeron desde algún colectivo da franxa costeira nordeste galega.

Segundo datos oficiais, 160.000 toneladas destes granulados plásticos pérdense cada ano no mar ao ser transportados nos contedores superiores dos barcos. Esta cantidade é o equivalente a case todo o plástico reciclado por Dinamarca e Suecia cada ano. En Galicia, a asociación Noia

Limpa xa retirou das praias 1,7 toneladas de granulados da súa costa. Desde Noia Limpa, Ecoloxistas en Acción, Plademar, Asociación Redes de Sal, Festival Mar de Mares, e Surfriber España din que “debido á súa alta toxicidade, é crucial que sexan considerados un produto perigoso e viaxen nas partes máis seguras do cargueiro”. Ademais, “ata o de agora, as empresas de cadea de valor do plástico non teñen ningunha normativa para seguir en caso da perda dos granulados e tampouco están obrigadas a facerse cargo dos danos, polo que se fai máis urxente a nova regulación”.

MARIÑA LUCENSE. Segundo o colectivo A Mariña sen plásticos, “ás nosas praias chegaron moi poucos deses granulados plásticos en comparación con outras ocasións nas que ten habido moitos e, sen embargo, non se ten reportado ningún vertido”.

De feito, en agosto chegaron dous sacos de granulados á praia urbana de Burela dun vertido anterior “do que nada máis se soubo”, din, “con isto queremos dicir que o vertido actual é só a punta do iceberg. Por desgraza hai vertidos de granulados continuamente e dende fai moitos anos, a súa presenza é constante nas nosas praias e levámoslos vendo



xa dende os anos 90. Oxalá isto que está ocorrendo sirva para tomarse máis en serio este problema. Que cambie a normativa e se tomen medidas para evitar estas situacións”, engaden.

Posiblemente os granulados acaben chegando á Mariña, non sabemos cando nin como. “Igual non chegan a facerse acumulacións como ocorre na parte da Coruña ou quizais si. O mar é caprichoso e haberá que ir vendo”.

Segundo a Confraría de Celeiro din que eles “non teñen constancia algunha de que chegasen as nosas praias, polo que de momento temos tranquilidade”. No relativo á frota tampouco dixo nada ao respecto polo tanto tamén estamos tranquilos por esa parte”.

“Quizais isto estivo magnificándose demasiado e se lle deu unha tinguadura política, pero tamén dicimos que era mellor que non houbera pasado nada”, engaden.

Basilio Otero, presidente da Federación Nacional de Confrarías de Pes-

cadores, sinala que “cando hai unha contaminación hai que tentar eliminala e nesta ocasión é complicado polo seu pequeno tamaño”.

Pero outro dos puntos preocupantes xa non é nas praias, senón que o problema atópase nas rochas, “pois ningún vai limpalas”, ao igual que co resto dos refugallo plásticos que se atopan habitualmente, “os voluntarios que limpam as praias, e que estamos moi agradecidos con eles, tiñan que recoller tamén o resto dos residuos que atopan e non so centrarse nos granulados plásticos”, engade.

Con este problema o que se está a ver é que hai que “concienciar a todo o mundo de que debemos ser responsables cos plásticos, e aínda que estea no chan e non sexa noso hai que recollelo”.

“Baixou o prezo do peixe, fraco favor fan os políticos aos que viven do mar, pois están metendo medo á xente. Pero non se dan conta de que ti cando limpas o peixe, sácaslle as tripas e aí xa se verían os granulados”, remata dicindo Otero.

Armadores e Confrarías afondan na especialización do FP dual en navegación e pesca



A directora xeral de FP, Eugenia Pérez, visitou o Instituto IES María Sarmiento de Viveiro, onde se reuniu con armadores de Burela, coa secretaria da Federación Provincial das Cofradías de Pescadores de Lugo, Carmen Abad, e co presidente da Confraría de Pescadores de Burela e presidente da Federación Nacional de Confrarías, Basilio Otero. O obxectivo do encontro é

afondar na posibilidade de poñer en marcha un proxecto de FP Dual no curso 2024/25 do ciclo de grao medio en Navegación e Pesca de Litoral neste centros en colaboración con esta entidade.

Na reunión abordouse o deseño dun plan formativo especializado e axustado ás necesidades do sector pesqueiro e a colaboración dos armadores.

Os sindicatos de Salvamento Marítimo din que o servizo está en perigo

Os sindicatos de Salvamento Marítimo veñen de remitir unha carta ao recentemente nomeado Director Xeneral da Mariña Mercante, Gustavo Santana Hernández, presidente do E.P.E. Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima, Sasemar, para solicitar a súa mediación no conflito orixinado no colectivo do persoal controlador de Tráfico Marítimo que de non resolverse; “poñerá en risco o sistema de gardas que durante 30 anos permitiu a cobertura 24 horas ao día, 365 días ao ano dun servizo esencial, cuxa finalidade é a seguridade da vida humana na mar e a loita contra a contaminación dun espazo marítimo tres veces superior ao territorial do noso país”, din dende os colectivos.

Unha situación inédita na longa historia do salvamento marítimo en España, motivada pola incapacidade da dirección de optimizar os recur-



sos humanos e “ao noso entender, derivada tanto da pouca ou nula presenza de mariños na toma de decisións a conta da xenerosa política de cadeiras de brazos e despachos que desde a mesma vénse desenvolvendo nos últimos anos, que está a provocar que queden gardas desatendidas nos centros de coordinación de salvamento marítimo con graves consecuencias para a xestión

das emerxencias marítimas de salvamento e de catástrofes ambientais como as provocadas polo buque Prestige”.

Desde os sindicatos con representación en Sasemar din que non “dubidaremos en tomar todas aquelas medidas, incluídas a mobilización, para protexer os dereitos do conxunto de servidores públicos dedicados a salvagardar a vida na mar”.

DEPUTACIÓN

Arranca o programa Xunt@s, unhas xornadas temáticas de lecer

A Deputación vén de poñer en marcha o programa Xunt@s, de actividades gratuítas, de lecer e formativas para contribuír ao envellecemento activo no rural, “para enriquecer a oferta de ocio e cultural dos pequenos concellos e, polo tanto, para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas, un factor determinante para fixar poboación no territorio”.

A voceira socialista, Pilar García Porto, anunciou que esta iniciativa, á que a Deputación destina un total de 91.000 euros e que está organizada da man dos concellos, consiste nunha serie de 125 xornadas temáticas gratuítas, que se celebrarán ata a primavera por toda a provincia, e que teñen que

ver coa saúde, co deporte ou coas novas tecnoloxías. Explicou García Porto que o xoves pola tarde tivo lugar a primeira destas actividades do programa Xunt@s, en Pedrafita do Cebreiro, e para este mes están previstas outras 13 xornadas, nos concellos de Trabada, Antas de Ulla, Taboada, Navia de Suarna, A Pontenova, A Fonsagrada e Guitiriz. “Este tipo de actividades fomentan a interacción da xente e contribúen a fortalecer os lazos da comunidade”, valorou a deputada, para quen “a propia temática das xornadas favorecerá os hábitos de vida saudable, a práctica de actividade física, educar en prevención ou romper a brecha dixital integrando as novas tecnoloxías na vida diaria da xente”.



FITUR. O presidente da Deputación, José Tomé Roca, presentou na Feira Internacional de Turismo (Fitur) a nova campaña de promoción turística da institución provincial, Saborea a Provincia de Lugo. Unha proposta para amosar a “autenticidade e calidade dos produtos locais”, co obxectivo de posicionar á provincia como destino gastronómico de referencia a nivel internacional e fortalecer a súa oferta turística.

O Pleno esixe á Xunta “que poña fin á destrución da sanidade”

A Deputación de Lugo esíxelle á Xunta de Galicia que poña fin á destrución da sanidade pública dotándoa de máis investimentos e máis persoal. Así se acordou no Pleno a través dunha proposta do Goberno que recollía o apoio da institución á plataforma SOS Sanidade Pública para recuperar a atención primaria e que contou cos votos a favor do PSdeG e do BNG e os votos en contra do PP. Ademais, aprobouse unha moción dos socialistas reclamando a redución das listas de espera e a recuperación dos cadros de persoal, contra o que o Partido Popular tamén votou en contra.

“A sanidade está no peor momento da etapa democrática en Galicia, nunca tan mal estivo”, valorou o Presidente, José Tomé Roca, que sinalou que na etapa de Touriño a atención primaria era no mesmo día e que hoxe a espera mínima para ter cita é de tres semanas, o que deriva na sobrecarga das urxencias. E nese sentido recordou o mandatario provincial que hai 900 profesionais menos que no 2009 na sanidade pública galega e apuntou á responsabilidade da mala xestión do Executivo galego, quen non convoca prazas e precarizou as condicións laborais dos profesionais. Durante a sesión provincial, a voceira socialista e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, sinalou que a intención da sociedade galega “de volver saír á rúa de xeito masivo para defender a sanidade pública, o dereito dos galegos e galegas a unha atención sanitaria universal e a dignidade nas condicións laborais dos profesionais do sector”.



Explicou García Porto que “no caso dos lucenses achegaremos ademais a nosa demanda de que se reverta o desmantelamento da sanidade no rural, que está a xerar unha fenda entre cidadáns de primeira e de segunda”, engadiu.

Puxo cifras ao desmantelamento da sanidade, asegurando que Galicia ten hoxe 900 profesionais sanitarios menos, 900 camas hospitalarias menos e inviste 130 millóns de euros menos en sanidade que en tempos do Goberno de Touriño. Tamén destacou que hai uns 1.500 profesionais ás portas da xubilación en Galicia, como os 289 médicos que cumpriron 65 anos na provincia de Lugo entre 2018 e 2022 sen que o Sergas tomase medidas para repoñer os cadros de persoal.

Lamentou que da recomendación da Organización Mundial da Saúde (OMS), de que o 25 % do gasto sanitario se destine á Atención Primaria, en Galicia cae ata o 14 %. “Os nosos veciños e veciñas esperan de media entre 15 e 25 días para ser atendi-

dos polo seu médico de cabeceira”, e lembrou aos 11.000 nenos e nenas que non teñen pediatra en Galicia, 46.000 persoas esperando por unha intervención sanitaria e outras 120.000 que agardan por unha proba diagnóstica.

Outras demandas que a Deputación fará chegar á Xunta en materia sanitaria é a necesidade de poñer en marcha un plan de choque en Atención Primaria que garanta a cita no médico de cabeceira nun prazo non superior ás 48 horas; medidas para recuperar os cadros de persoal e a reapertura de todos os centros; un plan de captación de médicos de especialidades como Pediatría, “cun déficit crónico en toda a provincia”; incluír a Saúde Mental na Atención Primaria; reducir as listas de espera; e tamén un plan de melloras nos modelos de contratación que remate coa precariedade actual.

O portavoz do BNG na Deputación, Daniel García, amosou o apoio da formación nacionalista á manifestación pola sanidade pública.

A Deputación creará unha bolsa de vivendas para o alugueiro rural

A Xunta de Goberno aprobou as bases para a creación dunha bolsa de vivendas de alugueiro no rural. Unha das liñas de actuación incluídas no programa E para vivir Lugo que a institución provincial ten en marcha con fondos que conseguiu da Unión Europea cotra o reto demográfico.

Así o informou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen explicou que a Deputación concederá un total de 50 axudas de 600 euros cada unha destinadas aos propietarios das vivendas para incentivar o alugueiro. “Con este plan piloto queremos abrir unha vía que consideramos moi inte-

resante para atraer e fixar poboación no noso rural”, asegurou.

O prazo de solicitude destas axudas de concorrencia competitiva será de un mes desde a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Poden resultar beneficiarias todas aquelas persoas propietarias e usufruarias de vivendas sen ánimo de lucro que estean situadas en concellos da provincia con menos de 5.000 habitantes. Explicou a Voceira que para a concesión destas axudas valoraranse cuestións como o concello onde estean situadas, tendo preferencia

aquelas vivendas da Fonsagrada, O Valadouro e Xermade, porque é onde a Deputación está a desenvolver as accións piloto deste proxecto; o equipamento, puntuando máis aqueles inmobles que contan con parcela anexa á vivenda, praza de garaxe, instalación de enerxía renovable e certificación enerxética A, B ou C; a distancia a núcleos habitados máis próximos, valorando por encima aquelas vivendas que estean integradas nun núcleo habitado; e o tamaño e o ano da construción do inmovible, con máis puntos para as máis antigas e de maior capacidade.

NOVA DEPUTADA



A alcaldesa de Burela, Carmela López Moreno, tomou posesión no Pleno como deputada provincial, asumindo a área de Economía, Recadación, Fazenda e Especial de Contas. López Moreno prometeu o seu cargo e amouse ilusionada e con moitas ganas de iniciar esta nova etapa “para traballar de xeito decidido dende a Deputación por e para Burela, pola Mariña e para o conxunto da provincia”. Ademais, o deputado de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández, pasará a asumir ademais a delegación de Vías e Obras.

DEPORTES

Xa hai data para o IV Trail do Fuciño do Porco 2024



A organización do Trail do Vicedo informou da data da nova edición desta proba deportiva e que chega ao seu cuarto ano.

Esta cita será o vindeiro 19 de maio de 2024 e coma sempre contará con andaina e trail corto de 15 quilómetros e trail longo de 24. "Mantén as características principais de todos os anos pero con variantes nos percorridos para facela máis atractiva aos afeccionados do Trail galego", dixeron.

Haberá algunhas novidades que irán expoñendo ao longo destes meses que faltan e anunciaron que se sorteará un dorsal en cada unha das categorías.

Coma noutras ocasións repartiranse trofeos para os tres primeiros clasificados de cada categoría, para os máis veteranos e o máis novo.

Esta carreira de monte está adicada a Natalia Sánchez Pulgar, impulsora deste Trail en 2019 e falecida correndo en 2021.

As rapazas do Ría de Foz proclamáronse campioas galegas de campo a través

As rapazas do Club de Atletismo Ría de Foz proclamáronse campioas galegas de campo a través na proba absoluta por equipos celebrada en Ribadavia, na que outros integrantes do club conseguiron tamén grandes resultados. "O esforzo e dedicación víronse recompensados, e agora é tempo de felicitalas e animalas xa para o Campionato de España de Campo a través por equipos", din desde o club focego.

Na categoría feminina sub-23, Sara Reimondo foi segunda e



Elsa Pena conseguiu a medalla de bronce. En sub-20 Helena Celada rematou en cuarta posición e en sub-18 masculino, Lucas García foi terceiro.



IADOVI. O arqueiro Santi González Villares vén de adxudicarse o primeiro posto do trofeo Federación e o da Liga Galega. "Este seteiro está imparabile", din desde o seu club, o Iadovi de Cervo.

Troitas Bravas gaña na sétima xornada da liga de billarda

Por Daniel Rodríguez Saavedra.

Despois do éxito da pasada tempada, a LNB volveu a Castropol para celebrar o segundo aberto en terras Asturianas.

Como sempre os Troitas Bravas deron o do de peito para sacar adiante este magnífico aberto coa inestimable colaboración do Concello. Parabéns compañeiros. Organización perfecta.

O tempo estupendo para xogar a billarda aínda que o bravo terreo puxo abondos atrancos aos 65 palanadores participantes (44 homes, 13 donas e 8 cativos).

Tres palanadores sobresaíron por riba dos demais. Sachas (Troitas Bravas) por cuarta xornada consecutiva sube o podio, desta volta no máis alto cun pleno de 25 puntos. Con 24 e despois dun desempate, Basilio (Billardeiros Musicais) e Muriego (Remourelle Bulls) foron os seus acompañantes.

En donas, Sandra (Troitas Bravas) fixo



o propio co seu compañeiro e superou a Cris e a Vanesa (as dúas de Castiñeiro Milenario).

En infantís, como sempre os cracks Mateu e Diego (Madia Leva) impoñen a súa lei, e Alejandra (Troitas Bravas) foi terceira.

Malia as dificultades e a bravura do terreo, outra Troita Brava, Tonho, foi quen de facer un Varado, o terceiro que se acadou na tempada.

Por equipos, novamente Troitas Bravas soben o máis alto, por diante

de Billardeiros Musicais e de Madia Leva, consolidándose na primeira posición da xeral.

José Antonio Martínez Rodríguez (Antón), concelleiro de deportes de Castropol, participou activamente na xornada e mostrou moi boas maneiras zoupándolle a billarda e o remate foi quen fixo a entrega dos agasallos aos gañadores do aberto.

A liga regular retómase o día 25 de marzo en Riotorto.

Jozi Oliveira despídese do Burela FSF tras 15 anos



Jozi de Oliveira, Jozi Oliveira ou simplemente Jozi para todos os seareiros do Burela, despídese do equipo laranxa tras 15 anos defendendo os paus do noso pequeno pero enorme equipo.

Falar dos éxitos do Pescados Rubén Burela FS é falar de Jozi Oliveira. Internacional na selección brasileira ata o día de hoxe, sete veces nomeada mellor porteira do mundo (sendo a primeira porteira do mundo nomeada na lista de mellores xogadoras cando aínda non había categoría de porteiros) e procedente do Kindermann, equipo no que xoga durante 6 anos (de 2004 ata finais de 2009), 4 anos a fútbol sala e 2 combinando fútbol campo e fútbol sala, a xogadora brasileira aterra, con 27 anos, en Burela en xaneiro da tempada 2009/2010, tempada en que o conxunto ma-

riñán, recentemente ascendido e con dous anos de vida, compite por primeira vez en División de Honra. A partir deste intre, o pequeno club de fútbol sala, que xa contaba cun equipo de categoría masculina en Segunda División, comeza a súa evolución de forma progresiva, gañando a Copa Galicia ese mesmo ano e o seguinte, e a súa primeira Liga e Copa de España dous anos despois, na tempada 2012/2013. Desde entón o equipo non parou de cultivar títulos ata o día de hoxe, chegando a ser "Campioas de todo" (Liga, Supercopa, Copa da Raíña e Copa de Galicia) as tempadas 2019/2020 e a pasada 2022/2023 e acumulando un total de 5 Ligas, 6 Copas da Raíña, 5 Supercopas, 6 Copas de Galicia e 1 Futsal Women's European Champions.

ACD Praias de Comado xa comezou a poñer data as carreiras do 2024



O colectivo organizador, ACD Praias de Comado, informou que xa comezaron a poñer data as carreiras deste ano 2024 e que ademais cumpren 10 edicións.

Así, a Carreira das Praias con modalidade infantil e andaina será o 29 de marzo, o ½ km Vertical co Peke Trail e a andaina que se será o 21 de xullo; e o Trail Monte Comado celebrarase o 13 de outubro. O resto de probas que engloban o +KmsBarreiros son a Benquerencia Terra-Mar en agosto e a carreira popular Ao Son do Masma en novembro.

Toda a información das probas, inscricións e clasificacións están dispoñibles na web do circuíto www.maikmsbarreiros.gal así como na APP do mesmo nome que está dispoñible para Android e iOS.

“Gústanos dicir que somos unha familia máis que un club”

Juan Canoura Calzado é o presidente do Club de Remo Celeiro

Cando e como nace o Club Remo Celeiro?

Celeiro foi e é un pobo que sempre estivo en contacto permanente co mar. E, neste sentido, o remo sempre formou parte da historia da súa xente: primeiro na loita pola supervivencia e na actualidade como deporte. Ao longo da historia de Celeiro, o remo sempre tivo un protagonismo propio debido ás condicións deste deporte e ós seus vínculos ancestrais coa pesca nas súas diversas modalidades, así como pola propia condición do remo como instrumento motriz para os desprazamentos das pequenas embarcacións que, xunto coa vela (antes de aparecer os motores), eran a única forma de movelas. Despois de localizar o banco de peixe, largar as redes, meter as capturas e a arte a bordo da embarcación, comezaba a regata cara a praia de Lavandeiras, o non existir ningún peirao, facéndose as faenas de carga e descarga co traíñón varado na área. Desta maneira, os que chegasen primeiros tiñas mellor venta na poxa. Destes duelos comezaron as primeiras competicións oficiais. Nesta época xurden os denominados bateis, embarcacións de menor dimensión que as traíñas tamén dedicadas á pesca, sobre todo de anzol, nas proximidades da costa a onde non podían chegar os traíñóns. Tiñan unhas dimensións duns 7m de eslora, 1,60m de manga e 0,40m de puntal. Eran tripulados por tres ou catro homes ó mando dun patrón. Deste xeito, o remo forma parte do noso pasado, presente e futuro. Primeiramente como traballo e logo gardando unha tradición na nosa historia como deporte.

Con que motivación xorde?

Xa nos anos corenta, tense constancia de que Celeiro participaba en regatas de bateis, como a que se celebrou en Ribadeo en setembro de 1949, que aínda ostenta o récord de máis tripulacións en liña de saída á vez, un total de dez. Foi unha regata interprovincial entre Lugo e Asturias, na que Celeiro acadaba a terceira praza detrás de Abres e Ribadeo e por diante de Castropol, Avilés, Foz, Viveiro, Figueiras, Ribadeo “B” e Tapia. O mesmo ano, Celeiro regateou en Viveiro onde acadaron o primeiro posto. Dende estas datas e ata o ano 1970, participábase de forma esporádica en competicións, e aínda que non se participara en regatas, si se adestraba, manténdose así a tradicional regata de

botes. Nese mesmo ano, fundábase O Club de Remo Santa Ana sendo o señor José Sanjuán (Ché de Sanjuán) o seu máximo impulsor e alma máter, levando as rendas do club ata o ano 1984 e participando en moitas probas de Galicia e Asturias.

Que se atopa na directiva?

Estamos, eu de presidente, José Manuel Prieto Sierra, de vicepresidente; Mari Carmen Franco Díaz, secretaria; vicesecretaria, Lucía Esquerdeiro Cabarcos; Óscar Canoura González, tesoureiro; e José Manuel Trasancos e Iván Teijeiro Bouza como vogais.

“Os nosos obxectivos son fomentar o compañeirismo entre os remeiros, tamén estamos a facer promoción de remo feminino en categorías inferiores nos colexios do Concello”

transición xa que a participación foi cada vez máis complicado debido ó abanico de posibilidades que teñen os rapaces noutros deportes. Despois dun tempo poñendo o Club o día e traballando en melloras nos bateis, facendo publicidade para espallar o amor polo remo, e adestrado moi duro empezaron a chegar os resultados deste traballo. No ano 2021, acadamos varias vitorias ó participar no Campionato Galego de Remo e pola participación dos nosos remeiros no Campionato de Remoergómetro de España celebrado en Navia. Conseguíronse dous ouro, una prata e dous bron-



Que obxectivos ten?

Os nosos obxectivos son fomentar o compañeirismo entre os remeiros, tamén estamos a facer promoción de remo feminino en categorías inferiores nos colexios do Concello así como nas categorías superiores con distintos tipos de publicidade (folletos para repartir, publicidade estática no campo de fútbol do Viveiro, cuñas na radio e nos periódicos, charlas en centros sociais...).

Como foron os seguintes anos?

Os anos 1999 e 2000, foron anos de

ces. Comezamos así unha nova etapa con mais ganas, xa que o noso é o único Club de Remo de banco fixo da Provincia de Lugo. Deste xeito, tentaremos levar o nome da nosa provincia polas costas do Cantábrico e de toda Galicia cos bateis e coa nosa traíñeira.

Que é o que máis lle gusta deste deporte?

É un deporte de grupo, polo que se os remeiros queren chegar a meta con medalla teñen que xuntarse como un gran equipo. É un deporte que ten moita historia marítima,



sobre todo na nosa zona mariñeira. Unha das cousas máis importantes é que hai moito animo, é todos (categorías inferiores e superiores) forman un equipo. Gústanos dicir que somos unha familia máis que un club.

Actualmente en que competicións están participando?

Estamos a participar na Liga Galega de Bateis e na Liga Galega de Veteranos de Traíñeiras (comezamos nesta liga no ano 2022).

Que obxectivos teñen para a vindeira tempada?

Neste ano 2024, comezamos a tempada de traíñeiras en xaneiro asistindo a regata contra reloxo Memorial Miguel Fernández Lores Sempre Lagar no Grove. Nos meses de xaneiro e febreiro organízanse estas regatas de quecementos pero a liga comeza en abril e remata en xuño. Nesta liga o club de remo realizará a coñecida regata de traíñeiras na Praia de Covas (este ano farase en xuño, pendente de confirmar a data). Para o próximo ano 2024 comezaremos a tempada da liga de bateis en febreiro, asistindo a regatas de quecementos e finalizará a tempada en maio co Campionato de bateis de Galicia. O Club de Remo Celeiro organizará unha regata seguramente en febreiro no peirao de Celeiro.

Teñen algunha necesidade como club actualmente?

Estamos estudando a posibilidade de comprar unha nova embarcación (unha traíñeira) que nos urxe moito debido a que a actual que temos no club ten mais de 25 anos e non podemos competir con ela. O custo desta son uns 15.000 euros, polo cal necesitamos moito financiamento

Que lle piden ao Goberno local?

Temos que admitir que, polo menos, dende que entrou esta nova directiva no 2019 o Concello de Viveiro sempre nos intentou axudar de todas as posibles opcións, é certo, que na actualidade o Goberno local ten varios problemas económicos e estamos pendentes de cobrar a subvención do ano 2023. Tras varias reunións coa alcaldesa e co concelleiro de Deportes xa nos tranquilizamos e comunicáronnos que están intentado de todas as maneiras posibles obter os cartos para poder pagar as asociacións de clubs deportivos.

COLABORACIÓN

Do eixo

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Hai persoas que naceron para ser protagonistas e outras coma R. que por non molestar, non ves ata percartarte de todo canto están a facer por ti sen dáreste de conta. Persoas faro, porque te guían. Veu aos seus irmáns ir ao monte antes de ir para a escola. E iso, queiras ou non, forxa un carácter forte, ou especial no seu caso. Cando amañaron a casa patrucial, o seu pai, que en gloria esté, decidiu poñer unha vidreira na casa, unha vidreira con forma de cruz. Ferventemente católico o patrón, e iso tamén deixou a súa impronta

nos fillos, con todo o que iso conleva. Unha posguerra dura, na que non había fame pero si ganas de comer, daquela cando os homes traballaban, e levaban intrínseco o valor do sacrificio, non coma agora. Asústase cando pasamos por diante do mesmo bar cheo todas as mañás, e preguntame se esa xente non ten que ir a traballar nunca. Como imos soste todo iso? Pregúntame coma buscando unha resposta que eu non podo darlle. Sen embargo, réñeme cando chego tarde de traballar, porque tampouco debe un pasarse. Cántame que algúns rapaces das aldeas veciñas axiña tiveron moto na súa xuventude, e rise lembrando que os máis miúdos non chegaban cos pés ao chan e teñen caído diante

das tabernas.

El tivo bicicleta máis adiante, a Deus grazas, para ir á herba e aos salóns os domingos. Vexo as súas fotos e dou fe dunha beleza extraordinaria, un aquel sedutor, coido que a pose.

Segue a ser un home guapo, moi guapo, pero sobre todo cando o escoitas falar, porque aínda gaña co trato. Bromeo coa súa muller e sosteño firme que de ter a súa idade non o ía deixar escapar. En realidade non é brincadeira, pero por se acaso.

Sempre priorizando o benestar do entorno, parece feito doutra pasta. Se fose pan sería daquelas tortas de quilo que cocinaba con masa madre de case un século a veciña dos avós, non había manxar máis gran-

de que comelo cando arrefriaba rodeando un plátano, coido que estades a cheiralo. Pois iso é R. unha delicia. Non hai vez que non vaia por onda el que non me ofrezca de comer, e folgos, moito disto último. Da súa boca sempre sae un "Como che vai?" Porque é desas persoas que antes de falar, te escoita, co corazón. Que che quenta o abrigo ao carón da cociña de leña para que cando saias ao nordés esteas preparada e non te colla o frío. Agora que se nos recomenda encarecidamente traballar no amor propio, el experimentao a través do amor que deposita nos demais. E coido que aí erra, que debera levantar a voz algunha vez, dinme os fillos que nunca o escoitaron reñerlles, pero ás

vezes hai que facelo. Porque coido que ás veces transporta un pesar que debiera ter ferramentas para soltar. Os nós do corazón sóltanse chorando, ou reñendo, pero el como foi mariñeiro toda a vida pretende desfacelos paseniño coas mans.

Cando me lea, vai a tornar a faciana en vermello, pero podo con iso, porque imos a percorrer un camiño xuntos moi importante, man a man, antes de sentarmos xuntos cunha morea de xente agardando por nós. Toda unha vida esperando aos demais e por unha vez, merece que todos agarden por el. Como cantaba H. ao atardecer da vida, examinarannos de amor, e niso el leva matrícula de honra. Graciñas por todo canto fas por nós.

Papoulas

CULTURA



Rebeca Maseda

Que ten a arte impresionista que tanto me fascina? Os cadros de Monet, a música de Debussy... Cores, sonoridades exóticas, orientalismo. É como estar nun estado de embriaguez constante.

O Impresionismo é un movemento pictórico que xurdiu en Francia nas últimas décadas do século XIX. Rexeitaba o academicismo e o romanticismo da pintura da época e propoñía unha nova mirada sobre a arte, máis próxima á realidade contemporánea. Esta corrente recibiu o seu nome polo crítico Louis Leroy, quen ao comentar a primeira mostra do grupo, en 1874, mencionou que o que vía non eran cadros, senón impresións (bosquexos).

O Impresionismo bebe de fontes diversas. En primeiro lugar, o movemento realista xurdido en Francia a mediados do século XIX. Os artistas do realismo pretendían reflectir a realidade contemporánea, sobre todo a das clases traballadoras urbanas e rurais. En segundo lu-

gar, a pintura ao aire libre xa fora postulada polos artistas da "Escola de Barbizón", un grupo simpatizante do realismo que se instalou nas proximidades do bosque de Fontainebleau. Estes artistas, que se dedicaron case exclusivamente á pintura de paisaxes naturais, tomaban os seus bosquexos ao aire libre. En terceiro lugar, o tratamento da cor de pintores anteriores como Eugène Delacroix, William Turner, Diego Velázquez ou Francisco de Goya. E por último, as teorías sobre os efectos da cor de Eugène Chevreul e Charles Blanc, os cales estudaron os fenómenos relacionados coa luz e a cor, a influencia das cores entre si e as relacións entre primarias, secundarias e as súas complementarias.


Poderíamos dicir que as principais características do impresionismo son as seguintes:

Os impresionistas sostiñan que debían deixarse de lado os principios académicos como os grandes temas históricos, mitolóxicos e relixiosos; o estudo exhaustivo do debuxo como base da pintura e a construción artificial de escenas. Pola contra, propoñían captar escenas da vida moderna tal e como eran rexistradas polo ollo do artista. Deste xeito pintaron escenas fa-

miliares, paisaxes, actividades da vida cotiá, estampas campestres etc., cun estilo rápido e cores brillantes.

A diferenza dos artistas anterio-

baixo a luz do sol, aplicaban sobre a tea pinceladas rápidas, curtas e curvas de cores puras. Desta maneira, a cor final do representado fórmase na retina



res, que realizaban numerosos bosquexos e estudos antes de comezar a pintar cada obra no taller, os artistas impresionistas pintaban ao aire libre. Xeralmente comezaban e finalizaban o cadro fronte ao modelo que os inspiraba.

Para obter o efecto de vibración de cor que teñen os obxectos

do observador.

Empregaron novos esquemas compositivos, máis próximos aos da fotografía, a cal comezaba a popularizarse nesa época.

Foron rexeitados polas institucións que llexitimaban a actividade artística da época, a Academia e a súa instancia de

exhibición, o Salón. Polo tanto, en 1873 crearon a Sociedade Anónima de pintores, escultores e gravadores, coa cal realizaron 8 exposicións entre 1874 e 1884.

Recibiron a influencia dalgúns principios dos artistas do realismo, pero trataron de avanzar cara unha forma máis naturalista de representar os elementos da natureza. Notaron que a luz do sol, filtrada polas diversas condicións atmosféricas ao longo do día e das estacións, provocaba efectos visuais cambiantes sobre os obxectos e tentaron captar ese fenómeno. Para logralo, empregaron só as cores do espectro solar, eliminando da paleta o branco, o negro e as cores terrosas.

Falar de Impresionismo é falar de Claude Monet (1840-1926), un dos membros fundadores. Foi o único do grupo que continuou coas investigacións impresionistas ata o final da súa vida. Explorou os efectos da luz e a cor sobre os obxectos en numerosas series de cadros sobre a mesma temática pero en diferentes momentos.

Na foto, un cadro coas súas amadas papoulas. A dicir verdade, podería perderme para sempre nese mar vermello de fantasía.

Ensino e redes sociais

O PUPITRE



Julio Díaz

As redes sociais xogan un papel clave no actual mundo dixital, xa que modifican a forma en que planificamos, interactuamos e, incluso, gozamos das nosas vidas.

As redes sociais teñen actualmente unha gran importancia na vida dos adolescentes. A labor das familias e dos centros educativos resulta imprescindible para aproveitar as posibilidades que ofrecen e frear os perigos que suscitan.

O mundo dixital chegou para revolucionar a forma de vida da nosa sociedade cambiando tamén a planificación e interacción no noso ámbito educativo. Hoxe en día, resulta evidente que as redes sociais no ensino son unha ferramenta fundamental para impulsar un novo modelo de ensino - aprendizaxe do noso alumnado.

Nas últimas décadas as redes sociais chegan ao público infantil e xuvenil proporcionando unha ampla información que anteriormente tiñan restrinxida. De feito,

a única maneira que tiñan antes de aprender era ler un tema ata chegar a memorizalo mais, isto cambiou coa evolución do uso das TICs no ensino, xa que o emprego das distintas plataformas pode resultar beneficioso na aula e permitir a adquisición de coñecementos doutro xeito.

Fai anos era case inimaxinable que un alumno colaborara con outro que vivía no outro extremo do mundo. Hoxe, estudantes de diferentes centros educativos e de diferentes países poden compartir coñecementos, intercambiar proxectos e traballar en equipo. Isto é especialmente relevante nos programas Erasmus, xa que as redes permiten que, previamente á mobilidade, os alumnos se coñezan compartindo gustos, afeccións... e posteriormente, permitindo amosar publicamente tanto as actividades realizadas como os materiais elaborados nese período de traballo compartido. Son de feito as familias dos alumnos implicados no proxecto as primeiras beneficiadas desa impresionante canle de información. Este é o concepto de rede social, o de promover a socialización dos usuarios.

Os beneficios do uso das redes sociais na educación van desde ensinar ao alumno a aprender



por si mesmo ata promover o uso das TICs. Isto permítelle desenrolar as competencias dixitais e tecnolóxicas necesarias para explorar diferentes proxectos educativos, fomentando o valor de compartir e colaborar ao tempo que toman conciencia de socializar e traballar en equipo mediante unha busca de información distinta, que pasa de ser unha tarefa tediosa a ser amena e colaborativa.

Son múltiples os exemplos de como usar as redes sociais no ensino. Pode crearse un grupo privado para organizar debates, asumindo diferentes roles para

aprender a empatizar e respectar outras opinións. Pódense compartir traballos e proxectos feitos na clase ou, así mesmo, buscar fake - news, tuitear nunha lingua estranxeira, documentar un tema con fotografías, crear un vídeo, localizar imaxes para situar en mapas xeográficos, crear un álbum de clase coas saídas fóra do centro, escoitar outros idiomas...

Son moitos os beneficios que ofrece o uso das redes sociais na aula pero sempre hai que ter presente os seus posibles efectos negativos, xa que para algún estudante vólvese tan natural bus-

car información en redes que a resolución de consultas tradicionais resulta complicado. O seu uso intensivo tamén pode derivar en que se acabe navegando por moitas redes aumentando deste xeito a distracción ou que, incluso, este uso intensivo acabe afectando á comunicación interpersonal entre os rapaces.

En definitiva, o uso das redes sociais vai mais aló do entretemento e socialización. Cun control adecuado pode ser tamén un método educativo eficaz que, ademais, parte coa vantaxe de que nos conecta cuns alumnos nativos dixitais.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
 Concello: 982 55 80 01
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
 Concello: 982 12 40 02
 Garda Civil: 982 12 41 94
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
 Concello: 982 58 60 00
 Policía Local: 982 58 62 11
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
 Concello: 982 55 77 77
 Policía Local: 615 52 10 52
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
 Concello: 982 14 00 27
 Policía Local: 982 13 36 40
 Garda Civil: 982 14 04 44
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
 Concello: 982 12 10 06
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
 Concello: 982 52 40 03
 Policía Local: 982 50 70 40
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUIROL
 Concello: 982 55 91 09
 Garda Civil: 982 56 10 39
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
 Concello: 982 34 22 77
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
 Concello: 982 12 86 50
 Policía Local: 982 12 86 50
 Garda Civil: 982 12 80 48
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
 Concello: 982 34 62 22
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
 Concello: 982 13 50 11
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
 Concello: 982 57 40 00
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
 Concello: 982 59 00 02
 Garda Civil: 982 59 01 81
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
 Concello: 982 56 01 28
 Policía Local: 982 56 29 22
 Policía Nacional: 982 56 17 11
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
 Concello: 982 59 20 01
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

	Emerxencias: 112	Incendios Forestais: 085	
	Urxencias Sanitarias: 061	Garda Civil: 062	

www.amariñaxa.com



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
 Dirección: Diego E. García Puente
 Teléfono: 661 464 323
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com
 Impresión: Tameiga Publicacións SL
 Dep. Legal: LU 5-2019
 ISSN 2660-4493

COÑECENDO O PATRIMNIO

O Valadouro: Prado das Chantas

A existencia de círculos líticos é moi excepcional no continente Europeo, á marxe dos achados nas Illas Británicas

En diferentes puntos da xeografía lucense, a casualidade sacou á luz achados sen precedentes ligados á pegada dos nosos devanceiros. O produto destes descubrimentos son os denominados crómlech ou círculos líticos, sorprendentes estruturas construídas con grandes pedras dispostas en forma circular. Un crómlech é un monumento formado por menhires cravados no chan, e dispostos en círculo. A palabra crómlech en inglés é usada para os dolmens e non para os círculos de penedos. En francés e castelán dáselle o mesmo uso ca en galego. E o crómlech máis coñecido e máis importante é o crómlech de Stonehenge, en Inglaterra.

Xunto o Chao da Veiga e Pena Teixeira e nunha chaira ben delimitada por esteos situados a curta distancia atópase o Prado das Chantas, no municipio do Valadouro. Trátase dun círculo composto por 250 pedras graníticas que ocupan o perímetro ovalado de máis de 300 metros e 7 hectáreas de campo.

Cada menhir conta cunha separación de 25 centímetros o que fai que configure unha estrutura ovalada de máis de trescentos metros.

Non se puido establecer unha cronoloxía exacta nin tampouco o seu uso orixinal polo que algunhas das teorías que se barallan pasan por ser un escenario cerimonial celta, ou ben un crómlech ou círculo lítico prehistórico, aínda que tamén se podería falar dunha antiga construción medie-



val para gardar o gando. Na parte oeste do círculo presenta restos dunha estrutura cuadrangular.

OUTROS. O municipio tamén conta con outros círculos líticos como o de As Pedragosas en Chao de Lamoso, entre as parroquias de O Cadramón e Frexulfe, que está formado por dous círculos concéntricos feitos con pedras de xisto e cuarzo. Estes foron descubertos no ano 2004 por Indalecio García Paz, Xesús Písón e Isaac Ferreira. O círculo maior ten unhas medidas aproximadas de 9,3 e 9,5 metros e o menor acada 3,8 metros e 4,2. No centro xeométrico do círculo hai unha pedra plana de 1,15 metros de lonxitude. A uns 15 metros deste hai outro círculo lítico de apenas tres metros de diámetro.



HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN:
FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN:
AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO
FORMA-t**
formación integral de empresas
para información sobre más formaciones:
www.grupoforma-t.com
TEL.: 982 513 605